


Premio 2018

de relato, poesía e tradución
da **Universidade de Vigo**



Editan:
Xunta de Galicia,
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
Secretaría Xeral de Política Lingüística;
Universidade de Vigo,
Área de Normalización Lingüística;
Edicións Xerais de Galicia

Deseño da cuberta: Miguel Vigo

© Universidade de Vigo e dos/as autores/as dos textos, 2018

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2018

Dr. Maraño, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.gal

<http://www.xerais.gal>

<http://blog.xerais.gal>

ISBN: 978-84-9121-440-3

Depósito legal: VG 566-2018

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Premio 2018

de relato, poesía e tradución
da Universidade de Vigo

LIMAR

Un ano máis compracémonos en vos presentar os traballos seleccionados polo xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución literaria da Universidade de Vigo de 2018. A entrega dos galardóns tivo lugar nun acto celebrado na sede da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, na Casa das Campás, na mesma semana do 17 de maio, para homenaxear a María Victoria Moreno no Día das Letras Galegas.

María Victoria proclamou sempre o seu amor pola nosa lingua e a nosa cultura, ao mesmo tempo que destacaba entre as súas arelas a de sementar futuro. Así podemos considerar a Noa Rodríguez, Francisco Javier Fernández, Nicolás Vázquez, Lucía del Río, Xosé Sobral, Manuel Arca, Moncho Iglesias, Nancy Cuquejo e Mateo Ramos como froito desa semente, un escintilante ronsel da súa obra.

Begoña Llácer, filla de María Victoria, e Ana Acuña, profesora da nosa universidade, achegáronnos unha visión emotiva e académica da homenaxeada, mentres os regueifeiros Suso de Xornes e Josinho da Teixeira, co seu desafío dialéctico e retranca, lograron o espontáneo contrapunto de humor.

Semanas atrás pechamos a exposición do Pergamiño Vindel á beira do mar de Vigo. Gozar coas cantigas de Martin Codax, sentir a proximidade física do documento, posibilitounos percibir o tesouro da nosa lingua como o que é realmente: a opulencia do herdo, que nos obriga a conservar e a mellorar a bagaxe recibida. Cómprenos sementar futuro, conseguir que o galego conviva sen prexuízos e con normalidade coas demais linguas, nun medio verdadeiro de tolerancia e de liberdade.

O agradecemento é unha débeda que enriquece a quen a salda. Por unha banda, aproveito estas liñas para darlles as grazas a todas as persoas que viñeron participando na difícil tarefa do xurado nestes anos, polo seu tempo, compromiso e sabedoría. Pola outra, a todas as dos diferentes sectores da comunidade universitaria que presentaron traballos neste certame. Unha vez máis: moitas grazas!

Invoco de novo a vosa xenerosidade: non deixedes de ofrecer novas propostas nas vindeiras convocatorias; sen a vosa participación non se poderían levar a cabo. Repárase en que nada hai máis ineficaz que non crer no que facemos, estou convencido de que o traballo de cadaquén sempre ha ser útil para as demais persoas. Neste caso, cultivar o uso do noso idioma, sentírmonos orgullosos de utilizalo en todas as situacións imaxinables, é enriquecérmonos como pobo.

É unha idea engaiolante e, como deixou escrito María Victoria Moreno: «As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos.»

Moitos parabéns, non perdades nunca a fe no voso traballo, e lembrede: «O peor galego é o que non se usa, ese non dá pé nin a ser mellorado.»


SALUSTIANO MATO DE LA IGLESIA
Reitor da Universidade de Vigo

Composición do xurado

O xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución literaria da Universidade de Vigo 2018 estivo composto por Xosé-Henrique Costas González como presidente do xurado por delegación do reitor, Alberte Álvarez Lugrís, Manuel Bragado Rodríguez, Marta Dacosta Alonso, Iolanda Galanes Santos, Lourdes Lorenzo García, Silvia Montero Küpper, Lucía Novas Garrido, Amparo Solla González e Paulo Cabral Pedreira como secretario con voz pero sen voto.



relato curto



K.A.R.M.A.

Francisco Javier Fernández Davila

Primeiro premio

O impacto foi imponente: estrondo a chapa pregada, cristais que estalan e logo, xiro tras xiro, sete voltas de campá.

O único ocupante do vehículo vírao vir unha décima de segundo antes, xusto ó saír da última curva, antes de chegar á súa casa. Volvía do traballo. O seu coche autónomo baixaba pola estrada do outeiro mentres, no seu interior, el volvía examinar despreocupado os seus apuntamentos da reunión da tarde. «Canto cretino hai agora na empresa», pensou, no mesmo instante en que os asubíos e as luces vermellas o alertaban da inminente colisión.

Non puido percibilo con claridade, pero algo debeu cruzarse na traxectoria e o vehículo decidiu dar un xiro brusco para evitalo. Así foi como levantou a cabeza dos seus papeis. A decisión de desviarse non lle pareceu a máis oportuna. Na súa nova trazada o flamante Mercedes e o seu pasaxeiro dirixíanse cara ao semáforo que, plantado na beirarrúa, retiña un fado de peóns á espera de cruzar.

El sabía que o ordenador aplicaríase o protocolo establecido e que, para non atopelar o grupo de persoas, daría un segundo golpe de volante. Iso faría envorcar o coche.

Sentiu pouco a pouco o automóbil inclinarse, e como a gravidade o atraía primeiro cara ao asento do acompañante, e logo cara ao teito sobre a súa cabeza. Os seus brazos descolgáronse cara a arriba, e contra a lona acolchada choveron papeis, bolígrafos, moedas e a mochila negra onde levaba o ordenador do traballo. Escoitou o renxer metálico do teito sobre o asfalto rugoso, mentres observaba como a velocidade de rotación aumentaba. O coche descosíase outeiro abaixo.

Ó rematar a primeira volta, golpeou a sen esquerda contra a porta. Comprobou que era certo que a punto de morrer, toda a vida desfila polas retinas; e que o tempo pasa da forma máis lenta imaxinable. Semiinconsciente terminou de repasar a súa existencia. «Que aburrida!», pensou, e riu por dentro ó lembrarse daquel gato que, con cinco anos, metera na lavadora. Agora era el o que estaba en centrifugado.

Comezaba o segundo xiro. Así o indicaba a posición do seu corpo, vertical como as agullas dun reloxo ó mediodía. A chapa do coche deixara de queixarse e eran as rodas as que bicaban o pavimento. Notou como o vehículo ascendía e deixaba de rozar a estrada. As seguintes rotacións serían no aire. Mortal con tres revolucións.

Pensou na súa familia. Pensou no seu fillo, na súa filla pequena e na súa muller. Pensou en que era a hora da merenda e pensou en desexalos. Desexou estar con eles unha derradeira vez. Imaxinou un derradeiro reproche, un derradeiro «come a froita» seguido dun «non, papi!!». Cos ollos pechados debuxou un aloumiño no pelo castaño da súa princesa e construíu un minúsculo abrazo con olor a goma de mascar de amorodo. Creu sentir os labios da súa muller na meixela e sorriu. Amaba a súa muller a pesar da vida.

Cos ollos pechados introduciuse na terceira volta de campá. Os labios da súa esposa abandonaran o modo bico e transformáranse nun reproche. El sabía que esa

pantasma, froito probable da secreción masiva de adrenalina, o conduciría un ano atrás, ó momento no que recolleron o coche no concesionario.

Lembrábo ben. Había tempo que os vehículos autopilotados se converteran nunha cousa habitual. Xa non facía falla usar os pedais, agarrar o volante, nin mirar o camiño. De súpeto as estradas poboáranse de condutores inexistentes. Era gracioso ver como tras as ventás, os ocupantes aproveitaban a viaxe para ler, ver a tele, acicalarse ou almorzar. Algúns, os máis intrépidos, remataban de vestirse ou xogaban ó xadrez. Incluso se dicía que tras as fiestras tinxidas había xente facendo o amor. Só se prohibían dúas cousas: durmir e que os nenos viaxasen sós.

Ó principio, a tecnoloxía fora recibida con desconfianza. E era normal. Os pilotos automáticos eran máquinas lentas que necesitaban moi bo sinal de GPS. Ademais, só se podían permitir viaxar a unha velocidade moderada por estradas de trazado sinxelo. Non obstante, segundo avanzaron os tempos, o sistema mellorou e fíxose popular. A seguridade estaba probada. Demostrouse que había menos accidentes con coches autopilotados que con aqueles conducidos por persoas. E era normal. O ordenador non bebía alcohol, non se despistaba, non perdía reflexos coa idade e non quedaba durmido ó volante. Tan só tiña un defecto, un escollo imposible de superar pola técnica. Unha falla ética.

Parecía claro que máis importante que o simple acto de transporte era a conservación da integridade física dos ocupantes. Pero había e haberá, habería sempre situacións nas que a seguridade dos ocupantes entrase en conflito coa das persoas alleas; léase peóns, viandantes e calquera outro ser humano que puidese verse involucrado nun atopelo ou accidente. A pregunta era como debería comportarse o coche neses casos. Debería salvar a vida do seu

dono e condutor? Ou debería protexer os peóns inocentes? E se ese peón fose o que provocara o accidente coa súa imprudencia?

Todas esas preguntas xurdiron cos primeiros avances, moito antes de que o prototipo inicial sucase as estradas. Houbo intensos debates nos medios de comunicación e, a medida que se achegaba o momento da verdade, os gobernos encargados de legislar e homologar a tecnoloxía convocaban comités éticos para deliberar sobre o tipo de comportamento que esas máquinas deberían ter en situacións tan extremas. Na maior parte dos países, sobre todo os relixiosos, colixiuse que non era aceptable que un ordenador decidise sobre a vida e a morte dos civís. Parecía incompatible prohibir a pena de morte, ou os drons de guerra, e deixar decidir os coches sen control ningún. Ata entón, neses casos, eran as persoas as que causaban e decidían sobre os accidentes. Xa fose por reflexos, por intuición ou por simple azar, era unha incontrolable acción humana a que, en milésimas de segundo, repartía cartas na mesa do destino. Algúns vían a Deus nese acto, por rápido e por descoñecido.

E o principal problema estaba precisamente aí. Era necesario decidir nese momento, de forma anticipada, sobre a vida das miles de persoas que cada ano morrerían nas estradas. Os verdugos xa non serían anónimos, xa non poderían culpar un deus azaroso ou un azar divinizado, senón que os nomes dos responsables aparecerían en forma de rúbrica nunha páxina indeleble do *Boletín Oficial do Estado*.

Adoita ser habitual que a man do lexislador trema ante responsabilidades dese tipo, e a consecuencia máis común é a convocatoria dun referendo. Non obstante, os resultados de votacións anteriores desaconsellaban tal solución. Este tipo de convocatorias remataban converténdose en protestas por algunha outra problemática allea

á pregunta, e a xente votaba o contrario do que quería o goberno. Os conxuntos de persoas non parecen tan axuízados coma os individuos.

Dese último pensamento xurdiu a solución. Polas rúas chamárona Lei Pilatos, en honor ó máis famoso indolente do imaxinario cristián. Nos Estados Unidos primeiro, como consecuencia lóxica do non intervencionismo do Estado, e no Xapón despois, os gobernos decidiron que a única norma posible era manter o status actual: o condutor seguiría a decidir sobre a vida dos ocupantes e dos peóns. El ou ela seguirían a ser os responsables das lesións que o seu acto persoal de transporte puidese ocasionar a si mesmo ou a outros. Como? Como se faría iso se, no momento do accidente, xa non habería mans nin pés humanos sobre o volante nin os pedais? Como podería decidir unha persoa sobre un acto do que delegaba todo control moito antes de suceder?

Como todas aquelas ideas que realmente cambian o mundo, a solución era sinxela: o viaxeiro deixaría un protocolo preestablecido, un testamento moral. Noutras palabras, antes mesmo de recoller o coche por primeira vez, no propio concesionario e ante notario, o condutor respondería un conxunto de preguntas que definirían o comportamento do vehículo no caso de verse abocado a tomar decisións difíciles.

Ó principio do cuarto xiro, co Mercedes branco no cénit da súa parábola, é dicir, no aire e xirando a plena velocidade, o ocupante lembrou cada unha das preguntas do protocolo. Víase a si mesmo coma un neno no Nadal, sentado ó volante, no concesionario, mentres admiraba as pantallas e botóns do habitáculo. Os seus ollos estaban abertos e podían notarlle ó aire ese fantástico cheiro a electrónica nova que se infiltraba no seu torrente sanguíneo e penetraba mesmo ata a medula da autoestima masculina.

A súa muller acomodábase con desconfianza no asento do acompañante. Parecía saber a que se enfrontarían en apenas uns segundos, e non tiña cara leda. Acariñando o coiro do cadro de mandos notou como o comercial da marca e o notario ocuparon dúas das prazas traseiras. «Bos días. Procedan, por favor», cominou o home de traxe e gravata escura. Mirouno a través do retrovisor. A súa cara amosábase triste e aburrída, coma a dun avogado que de forma non intencionada rematara lendo testamentos. Por un momento comprendeuno. Ese home dedicábase a estragar os momentos máis felices na vida dunha familia. Todos os días contemplaba como o sorriso dunha parella namorada se tornaba en pedra segundo avanzaban no cuestionario da fatalidade. «Malditas preguntas.»

«Por favor, prema o botón de acendido durante dez segundos», sinalou o comercial. Así o fixo o comprador. Todos contaron en silencio. Na pantalla central apareceu un número grande e intermitente: o número un, xusto ó lado dun texto que indicaba que esa sería a súa identificación como condutor do vehículo. Escribiu debaixo o seu nome, e logo unha clave de oito caracteres; unha combinación de números, letras e símbolos que non debería revelarlle a ninguén, nin sequera á súa dona. Todos apartaron a vista mentres a introducía; el escribiu o nome da súa filla e o aniversario da súa muller.

A continuación apareceu, baixo un son moi desagradable, unha mensaxe que anunciaba a entrada a K.A.R.M.A., algoritmo de manobra e reacción en caso de accidente. Un texto máis pequeno detallaba as implicacións legais das respostas que a continuación se proverían.

«Ben», interrompeu o comercial, «a lei obrígame a deixalos sós neste intre. Estarei sentado na miña mesa para calquera indicación. O señor notario debe permanecer con vostedes en todo momento». Unha vez mencionado isto,

ergueuse e abandonou o vehículo en dirección á máquina de café que borboriñaba a uns poucos metros.

«Paquete de protección familiar: indique por favor o número de nenos que conforman a súa unidade familiar e a data de nacemento de cada un deles, se procede.» O orgulloso pai escribiu un número dous, e a continuación introduciu as datas correspondentes. O ordenador respondeu que terían a consideración de nenos todas aquelas persoas que non fixesen os dezaioito anos, que estes datos se gardarían de forma indeleble na memoria do coche e que os seus dous fillos, Leo e Tania, serían declarados adultos dentro de once e trece anos, respectivamente. A través da man da súa muller sentiu algo coma un lóstrego, un calafrío transferido que lle percorreu a medula espiñal e terminou na base do seu cranio.

O notario recordoulle ó matrimonio que a presenza da muller era opcional, xa que nese momento se procedería a establecer o protocolo no caso de que el fose o condutor. Do mesmo xeito, a súa muller podería esixir que el marchase cando fose a quenda dela. Ambos colléronse da man e responderon ó unísono. Farían aquilo xuntos. «Adiante entón», exhortou o home de negro. O futuro condutor tocou a pantalla sobre un botón vermello que rezaba «Cuestionario» e ante eles apareceu a primeira pregunta. O notario leuna en voz alta e asegurouse de que el comprendía o seu significado. Iso era o que marcaba o regulamento.

«Primeira pregunta: cal debe ser a reacción no caso de accidente se a súa familia viaxa dentro do vehículo e a súa protección implicase risco para a integridade física dunha ou máis persoas no exterior?» A pregunta era difícil, pero a resposta non podía ser máis sinxela. Desprazou a súa man cara ó botón que en dourado gritaba «Protexer ocupantes» e apertouno con forza. Notou imprudente a flexión da pantalla LED baixo o seu dedo.

O notario tomou nota da resposta e mirou con descendente monotonía a seguinte pantalla que se mostraba no ordenador do coche. Volveu ler en voz alta.

«Segunda pregunta: cal debe ser a reacción no caso de accidente se a súa familia viaxa dentro do vehículo e a súa protección implicase risco para a integridade física dun ou máis nenos no exterior?» Comezou a sentir un pequeno remorso. Pensar en magoar nenos resultáballe bastante desagradable, aínda que mentalmente se recoñeceu a si mesmo que era algo que sucedía todos os días. De todos os xeitos, tiña claro que baixo ningunha circunstancia permitiría que os seus fillos sufrisen dano ningún. A resposta era obvia no seu interior, pero custaba moito expresala en público. Mirou a súa muller de esguello mentres o seu dedo índice premía o botón dourado de «Protexer ocupantes». Esta vez foi un pulso máis débil.

Volveu soar o bolígrafo do notario sobre o papel do seu formulario co mesmo xesto indiferente que se reflectía na súa cara. Unha vez aparecida a nova pantalla leu a seguinte cun ton aburrido que aos esposos, consternados pola segunda pregunta, lles pareceu que raiaba o insulto.

«Paquete de protección colectiva. Terceira pregunta: cal debe ser a reacción no caso de accidente se vostede viaxa cun grupo de adultos e a súa protección implicase risco para a integridade física dunha ou máis persoas no exterior?» Agora as forzas igualábanse. Non había nenos na ecuación e todos os involucrados parecían ter o mesmo efecto sobre a conciencia do condutor. Tamén a resposta lle pareceu evidente. O ordenador non era un xuíz. En ningún caso se preguntaba quen era o culpable do accidente. Quizais resultase difícil compilar os datos suficientes para emitir un veredicto acertado nos poucos segundos nos que se xesta un accidente de circulación. O condutor tívoo claro, mellor el ca uns estraños.

Tras unha breve pausa para escribir, o home de negro acudiu ó seguinte enunciado. «Cuarta pregunta: cal debe ser a reacción no caso de accidente se vostede viaxa cun grupo de adultos e a súa protección implicase risco para a integridade física dun ou máis nenos no exterior?» Non por esperada, a pregunta resultou menos cruel. Mentres a relía, imaxinou-se a si mesmo no interior dun coche, rodeado de adultos asustados, e xusto no momento no que atropelaban un grupo de nenos á saída do colexio. Non puido concibirse unha figura máis horrible. Os gritos, os saltos do coche, as pequenas fochas, o horror. Coa cara feita un poema mirou a súa muller. Ela non semellaba sorprendida, de feito estivera a agardar por esa pregunta durante toda a mañá. Confesoulle tamén que lera moito sobre esa sesión de configuración de protocolo, que o falara coas súas amigas e que moitas delas pasaran xa por ese transo. Por iso insistira tanto en estar con el nese momento; era para asegurarse de que daba as respostas correctas.

«Recordas que hai un intre o ordenador preguntouche a idade dos nosos fillos?», díxolle. «Lembras que te informou tamén de que, dentro duns anos, eses nenos serían considerados adultos? Queres protexer os teus fillos só ata que fagan os dezaioito? Ou queres que estean seguros contigo para sempre?»

«Si», resistiuse el aínda coa súa imaxinación activa, «pero e os nenos?». «Eses nenos non existen aínda», corrixiu ela. «Cantas veces oíches que sucedese o que ti estás a pensar? E como sabes que o ordenador non salvará nenos de dezaseis anos en prexuízo dos teus fillos adultos de dezaioito?»

«Si», volveu dicir el en voz de bafo, e cun xesto suave, coma a rozada dunha pluma acariñou o mesmo botón ca nas preguntas anteriores.

Houbo uns segundos de silencio, unha pausa sen tempo que nin sequera o notario, co seu bolígrafo de lixa, se atreveu a romper. Os esposos miráronse: ela coa ingrata satisfacción de quen se sente repugnante polo deber cumprido; el, cos ollos perdidos nun colexio afastado e infinito, en estado de *shock*.

«Paquete de protección individual», interromperon de forma coordinada a pantalla do Mercedes e o notario impertinente. «Quinta pregunta: cal debe ser a reacción en caso de accidente se vostede viaxa só e a súa protección implicase risco para a integridade física dun ou varios animais no exterior?» O condutor foi presa do estupor máis estrepitoso. Non entendía como logo dun pregunta tan dura, podía vir unha parvada coma esa.

«Este apartado incluíuse recentemente», informou o notario. «Presións dos verdes e grupos animalistas.»

O home de negro adoitaba facer esa aclaración co fin de distraer os compradores da repulsiva pregunta número catro. Co tempo aprendera que ese intranscendente comentario axudaba a romper o deplorable estado mental no que adoitaban chegar a ese punto e, por suposto, aceleraba o proceso nun dos seus momentos máis críticos.

«Enténdoo», respondeu o condutor, «pero por que non xurdiu antes esta pregunta?».

«Nas preguntas anteriores, o condutor decide sobre a integridade física doutras persoas que viaxan con el», respondeu o notario. «Un pode facer o que queira coa súa propia seguridade, pero a lei prohibe que se antepoña a vida dun animal á doutro ser humano.»

O condutor pulsou «Protexer ocupante» e esperou paciente a seguinte pantalla. Os nenos atropelados esvaeábanse tras os minutos coma un recordo distante.

«Sexta pregunta: cal debe ser a reacción no caso de accidente se vostede viaxa só e a súa protección implicase risco para a integridade física dunha ou varias persoas no

exterior?» O interrogado dubidou menos do esperado. De suscitarse ó principio, este dilema tería máis difícil solución, pero a súa pel endurecérase co avance do proceso, e nese momento sentíase unha persoa máis fría e desapiadada.

O notario tomou nota da sexta resposta: un sexto «Protexer ocupantes» que non era máis ca a antesala da pregunta que o condutor imaxinaba e temía. No asento traseiro volveu resoar a voz nasal do home de negro.


«Sétima pregunta: cal debe ser a reacción no caso de accidente se vostede viaxa só e a súa protección implicase risco para a integridade física dun ou varios nenos no exterior?»

Pedro despregou o dedo en dirección á pantalla. Tiña a intención de degolar o momento con ese sabre executor de cartilaxe e falanxes. Quería que todo terminase canto antes. Detívose a medio camiño e, durante un intre, pareceu esperar que do fondo negro xurdise unha man salvadora para indicarlle a elección correcta. Co brazo estendido aínda, caeu na conta de que a súa respiración estaba muda e que, coma el, os seus dous compañeiros de viaxe contiñan o alento. Berraba o silencio e cheiraba a café.

Baixou os ombreiros, deixou caer o brazo, e acariñou as pernas coas dúas mans. Era coma se tivese frío ou limpase a suor das palmas. Confortouse na suavidade do algodón acabado de pasar. Humedeceu as comisuras dos beizos cunha saliva que non tiña e, baixo voz de veludo vello, pediulle á súa muller que os deixase a soas. Sonia mirouno con espanto. Os seus ollos humedecidos atravesárono coma agullas de calceta. Non nos fagas isto, pareceu pensar, pero non dixo nada. Retivo a súa resposta por un segundo e logo condenouna para sempre a ese lugar onde as mulleres esconden as cicatrices da alma. Aquel rancor duraría toda a vida.

Co sexto xiro, o Mercedes volveu tomar terra. De novo saltaron faíscas do asfalto e o tempo pareceu retornar ó seu ritmo orixinal. A sétima volta de campá foi morrer contra un alicerce en construción. O coche pareceu partirse en dous, e o habitáculo reservado ás persoas reduciuse ata un volume cero.

A piques de pechar as pálpebras, Pedro repasou de memoria as notas da reunión da tarde, ordenou os seus pensamentos e dirixiu a súa mirada cara ó semáforo que o piloto automático esquivara antes de envorcar. Entre o grupo petrificado de peóns que lle devolvían a ollada, distinguiu o vestido negro que a súa muller puxera esa mañá. Parecelle volver cheirar o seu perfume. Pensou nos seus fillos e desexou abrazalos, pero conformouse con contemplalos por unha derradeira volta infinita.



MASCULINO FEMININO

Lucía del R o Gonz lez

Primeiro acc sit

Helena agardaba por algunha resposta de parte do seu home. El camiñaba dun lado para outro do salón. Visiblemente afectado, rumiaba palabras inintelixibles ó tempo que xesticulaba bruscamente coas mans. De súpeto, un silencio impenetrable reinou naqueles escasos vinte metros cadrados.

—Volvestes vervos? –preguntoulle el moi axitado, pois apenas podía conter a rabia.

—Só unha vez máis, cando veu expor os seus cadros a Barcelona –respondeu ela, cun ton entre amedrentado e inculpatório.

Helena era a directora do Museu Nacional d'Art de Catalunya. Había oito anos que casara con Dídac e residían nunha casa de planta baixa no barrio de Sant Andreu. Nunca lle gustara vivir alí porque a vivenda carecía do espazo suficiente para colgar todos os seus cadros e ademais o *gotelé* presente en todas as paredes da casa causáballe verdadeiro arrepío. O salón era moi pequeno e nada luminoso, motivo polo que a meirande parte da súa colección xacía no faiado, baixo capas de sabas roídas polas avelañas para evitar a súa deterioración. A construción nin tan sequera contaba cun patio interior onde Helena

puidese pintar ó aire libre cando se lle antollase. En definitiva, nada máis afastado das suntuosas mansións que os artistas máis soados do país posuían en Pedralbes.

—Quérelo a el máis ca a min? —balbuciu Dídac entre doídas bágoas.

—Ti non tes a culpa —respondeu Helena nunha tentativa de reconfortar o seu home.

—Iso non é o que eu che preguntei —recriminoulle el furiosamente, case de inmediato.

Os recordos de cando eran mozos non deixaban de percorrer a mente do seu marido. Lembraba a primeira vez que a vira no Parc Güell. Estaba sentada no céspede esbozando a salamántiga de Gaudí no seu caderno. Era a moza máis fermosa que endexamais vira. Levaba uns pantalóns curtos brancos a xogo cunha camiseta de raias brancas e vermellas e unhas alpargatas da mesma cor. Fora no verán. Lembrábase porque ela levaba o cabelo recollido cun lapis a modo de coleteiro pola calor característica da estival estación. Quedara prendado ipso facto dos seus ollos verde *veronés* e da súa tez escura, tan coidadosamente tinguida polos raios do sol e cuberta lixeiramente na súa fronte por un espeso floco acibeche. Lembraba tamén o seu primeiro bico. Un bico longo e apaixonado no transcurso dun dos seus paseos polo Port Olímpic. E a súa voda, unha modesta cerimonia na Parròquia de Sant Pacià á que só convidaran os familiares e amigos máis achegados. Todos e cada un dos recordos que tiñan xuntos comezaran a pasar por diante dos seus ollos coma se dunha curtametraxe se tratase, absolutamente todos, encadeados un tras outro.

—Responde! —ordenoulle imperativamente Dídac elevando o ton de voz.

—Son amores diferentes —dixo Helena, medindo ao máximo as súas palabras.

—Estáseme esgotando a paciencia –insistiu–. Que me respondas!! –berroulle unha vez máis por mor da ambigüidade da resposta.

Helena era incapaz de expresar nunha unidade de medida aquilo que estaba a sentir. Sabía que os oito anos de matrimonio co seu marido foran os mellores anos da súa vida. Aínda que non tivesen descendencia ningunha, xuntos construíran un fogar e a estabilidade que Dídac lle achegaba eran motivo máis que suficiente para querer envellecer ó seu carón ata a fin dos seus días. Non obstante, nos últimos seis meses da súa corentena, Helena sentírase máis viva ca nunca. Debido ó seu traballo, apenas saíra nunca da cidade. Máis aló dos *calçots*, a *escudella* ou o *xató*, descoñecía todos aqueles manxares que o mundo brindaba para ela. París, Roma, Londres ou Nova York quedarán tan só nun soño xamais cumprido e aprender a conducir ou a tocar a guitarra, cousas que Dídac lle prometera ensinar había anos, materializáranse nunha tarefa máis na súa lista de cousas pendentes. Mais aquel aposto mozo francés conseguira darlle á súa aburrida vida un xiro de cento oitenta graos. Cando Helena xa se resignara a traballar até a xubilación para despois poder vivir dela coma o resto dos mortais, o fado, moi caprichoso ás veces, puxérao a El no seu camiño. El fixéralle sentirse desexada de novo, posto que o ímpeto que o seu home poñía na cama nos primeiros anos de casados fora desaparecendo paulatinamente co tempo, ata converterse o acto sexual nun simple ritual de apareamento. Pero con El volvera experimentar que se sentía ó compartir miradas cómplices, ó amar con loucura, ó facer o amor. El convertérase no seu amante e con El redescubrira o verdadeiro significado de *vivir*.

—Non o quero máis ca a ti, pero faime sentir como se tivese vinte anos outra vez –reprochoulle Helena ó seu marido.

—Cando vos imaxino na cama xuntos... A el acariñando a túa pel, bicándote, dentro de ti... Póño-me enfermo. Agora mesmo non imaxinas o noxo que me das e o desprezo que sinto por ti e mais por ese imbécil —sentenciou Dídac.

—Non é ningún imbécil. Ten vinte e seis anos e é un home sensible e moi intelixente —defendeuse Helena.

—Ese malnacido... Aínda por riba non é máis ca un neno —respondeu Dídac cun aceno reprobador.

—Amámonos. E iso, aínda que non che guste, non é ningún crime —claudicou a súa muller.

Cando Dídac escoitou as palabras de Helena volveuse completamente tolo. Posuído pola cólera, abalanzouse cara á que aínda era a súa muller e tirouna ó chan. Tras un inicial forcexo, puxo todo o peso do seu corpo enriba dela para que non puidese moverse. Apreixoulle con forza os brazos e comezou a restregar a súa zona xenital contra o seu pantalón. Helena tratou de liberarse del como puido, pero o seu marido facía moita forza e foille practicamente imposible facer movemento ningún. Cun violento meneo Dídac desabotooulle rapidamente os *jeans* que levaba postos e baixoullos ata os nocellos. De súpeto, Helena notou como este lle arrincaba as bragas e introducía no seu sexo o seu erecto pene.

—Así é como cho fai el, eh? Así é como che gusta, eh? —deleitábase de xeito repugnante.

A dor era tan insoportable que Helena rompeu a chorar desgarradoramente. Nin os berros nin as chamadas de auxilio puideron evitar que aquela triste tarde de novembro Dídac a violase.

—Nunca imaxinei que aquela exposición de *Lucien Clergue* no Museu Picasso fose cambiar a miña vida para sempre —contáballe Helena á súa amiga Penélope mentres

remataba de decorar o seu novo apartamento—. Eu quedara cativada cunha fotografía dun dos seus nus, xa me coñeces, e sen dar-me de conta El estaba ó meu carón, contemplando esa mesma obra coma quen ve o mar por primeira vez —detalláballe mentres colocaba unha pequena lámpada sobre a mesa de noite—. Só foi preciso que pronunciase unha palabra para saber de onde viña. «Formidable», díxerame cun encantador acento francés. «Delicado, pero sensual á vez», respondéralle, e os dous nos miramos e sorrimos o un cara ao outro. Parecérame un mozo moi atractivo. Era alto e robusto. Tiña uns enormes ollos azuis e unha abundante cabeleira crecha. Daba a sensación de que acababa de erguerse da cama —seguía contándolle Helena—. Aquela mañá fíxoseme moi curta. Dende aquel momento, percorremos toda a sala de exposición xuntos comentando cada unha das obras. Eu quedara enfeitizada coa forma na que acentuaba todas as palabras coma se fosen graves e a El gustáballe oír as miñas anécdotas de cando estudaba Belas Artes na universidade. Non podería explicar como aconteceu, pero cando me dei de conta estaba volvendo para a casa no metro cunha nota que poñía: «698457270. *J'ai envie de vous revoir. Jean-Paul*». Tiña gañas de volver verme, Pe —díxalle con efusividade Helena a Penélope, coma se sentise de novo a emoción daquel momento—. E en efecto, un segundo encontro tería lugar días máis tarde na fonte de Montjuïc.

—Ola, Helena —dixo el, tímido.

—Ola, Jean-Paul —devolveulle ela o saúdo.

—Pensei que non virías —continuou el.

—E por que pensaches iso? —preguntoulle Helena con verdadeira curiosidade.

—Porque cando me chamaches e rematamos de falar por teléfono un pensamento veu de inmediato á miña cabeza: por que unha muller coma ela vai querer pasar o seu tempo cun rapaz coma min? —confesoulle.

—Non digas parvadas. Estou aquí porque quero que vexas a cidade a través dos meus ollos e, sobre todo, porque me agrada moito a túa compañía —resolveu sen dubidalo Helena e ambos volveron sorrir o un cara ao outro como cando falaran por primeira vez no museo.

Despois dese día comezaron a verse asiduamente. Gozaban charlando, por exemplo, sobre os cadros de Caravaggio, Klimt ou Kandinski. Percorrían a historia da arte dende os seus inicios ata a actualidade, dende o período clásico de Praxíteles ata o realismo de Courbet ou mesmo o expresionismo abstracto de Pollock. Ambos se enriquecían dos coñecementos do outro e, sen darse de conta, un vínculo moi forte estíbese a crear entre eles.

Helena ensinoulle todo o que coñecía da cidade. Foron á Sagrada Familia, ó Barri Gòtic, a Les Rambles, á Casa Batlló, á Platja de la Barceloneta... Quería que Jean-Paul namorase da cidade tanto coma ela o estaba facendo del. As sistemáticas e tediosas rutinas de Helena cambiaran por completo. Cando saía de traballar, en lugar de coller directamente o metro para regresar á súa casa, ía con El tomar un café polo centro ou pasear polo Parc de la Ciutadella. Dídac e ela só se vían pola noite posto que o seu home era enxeñeiro e estaba a traballar nun gran proxecto en Girona que o mantiña ocupado case todo o día. Ninguén sospeitaría nunca que Helena tiña un *affaire* cun home catorce anos menor ca ela.

Jean-Paul estudara Arte en L'Institut Marangoni de París. Viñera a Barcelona para facer o mestrado en deseño subvencionado cunha bolsa pola Université Paris-Sorbonne. Vivía con outros dous compañeiros en Vila de Gràcia nun piso de tamaño irrisorio e gozaba do seu tempo libre asistindo a todas as exposicións que o seu presuposto lle permitía. Mantivera algún que outro esporádico encontro sexual con algunhas rapazas dende que se instalara en España, pero sen dúbida, ningunha delas era como Helena.

Fascinábao a súa madurez, a súa elegancia, todo o que lle ensinaba. Aínda que xa non era unha nena parecíalle irresistiblemente guapa. Gozaba véndoa espida na cama porque a pesar de que tiña corenta anos, o seu corpo conservábase coma o dunha de vinte. As fins de semana que Dídac debía quedar en Girona por motivos de traballo, eles aproveitaban para fuxir xuntos do barullo da cidade. Nalgunha ocasión, incluso chegaran a facer escapadas a algún país confinante de tan só un par de días, pero que para Helena supoñía sentirse viva de novo. O espírito xuvenil de Jean-Paul conseguira contaxiar a súa vida por completo: xuntos vían filmes de Godard e de Truffaut, comían lambetadas a calquera hora do día e facían o amor coma auténticos sal-vaxes. Jean-Paul atopara nela a súa *femme de rêve*, pero ó igual que acontecera na mitoloxía grega coa infiel Helena de Troia, esposa de Menelao e amante de Paris, Helena tampouco fora quen de resistirse á beleza de Jean-Paul.

As cousas comezaron a complicarse cando Dídac rematou a ponte que estaba a construír na provincia veciña. Parecíalle moi raro que a súa muller botase toda a tarde fóra da casa cando sempre prefería volver directamente do museo, especialmente os días que tiña moito traballo e que a deixaban sen folgos, que adoitaban ser a maioría. Un venres, a primeira hora da mañá, comunicáronlle a Dídac que a causa dun fallo na instalación eléctrica da empresa na que traballaba, el e mais os seus compañeiros debían abandonar os seus postos de traballo despois de comer para que os técnicos puidesen solucionar o problema. Ó contar cunha inesperada tarde libre, Dídac decidiu darlle unha sorpresa a Helena e ir agardar por ela cando saíse do museo. Ás cinco da tarde, o marido presentouse no emblemático edificio a tan só uns poucos metros da porta de entrada. Cando Helena saíu, Dídac non daba creto do que estaba a ver. Un aposto home dáballe un apaixonado bico nos beizos á súa muller e xuntos marchaban collidos

da man. Dídac tivo que mirar varias veces para asegurarse ben: si, era ela. Levaba posto o vestido vermello que tanto lle gustaba e que había anos que acumulaba po no armario do seu cuarto. Estaba furioso. Nunca pensara que a súa muller fose capaz de enganalo tan vilmente con outro, mais agora caéralle a venda dos ollos. A súa Helena non era máis ca unha traidora, unha simple e vulgar fulana.

Aquel mesmo día, cando Helena chegou á casa pola noite, Dídac estaba agardando por ela. Tras un curto interrogatorio, o poder manipulador do seu home fixo que Helena lle confesase a súa aventura con Jean-Paul. Tiveron unha forte discusión. El non paraba de recriminarlle a súa desprezable actitude e a falta de respecto que lle fixera indo pola rúa da man do seu amante. Helena sentíase terriblemente avergoñada e tras a ameaza do seu marido de abandonala por luxar os seus marabillosos oito anos de casados, prometeulle non volver ver a Jean-Paul nunca máis. Ela estaba segura de que tamén quería o seu marido e pouco a pouco el foina convencendo de que aquel pícaro francés só quería aproveitarse dela.

Como cada día, Helena erguíase ás sete da mañá para chegar puntual ó seu traballo. No traxecto de Sant Andreu ata Plaça Espanya, coma se dun remorso se tratase, Jean-Paul ocupaba unha e outra vez os seus pensamentos. Lembrábase do moito que lle gustaba o *pa amb tomàquet*, da graza que lle facía que en Barna todas as tendas se chamasen «*can*» ou da súa teima con que se parecía á protagonista da película favorita de ambos: *Masculin Féminin*. Lembraba todos os momentos que pasaran xuntos, especialmente nos que El a tivera entre os seus brazos. E sen poder evitalo, as bágoas comezaron a esvarar polas súas meixelas. Cando se acomodou por fin no seu despacho, Helena comezou a revisar as próximas exposicións ás que daría cabida o museo nos vindeiros meses e, como por outro antollo do destino, alí estaba:

«*La torche*» *l'exposició inspirada en l'art neoclàssic del jove artista francès Jean-Paul Dugés Guerin*. Helena non podía crelo. Jean-Paul exporía a súa colección a finais de agosto no museo e, por suposto, ela non deixaría escapar a oportunidade de volver estar con El aínda que fose só unha vez máis.

—Vaíamos vivir xuntos, lonxe de aquí, a París —suplicoulle Jean-Paul, colléndolle con delicadeza as mans.

—Sabes que non podo. Dídac perdooume unha vez, pero non o volverá facer —contestoulle moi triste Helena.

—*Ma chérie*, por favor, prégocho. Non me deixes outra vez... Eu ámote, Helena. *Je t'aime follement*... E sabes que non podo vivir sen ti. Dáslle sentido á miña vida e négome a perderte para sempre —díxolle el case chorando.

—Eu tamén te amo, sábelo, pero non podo abandonar a Dídac dun día para outro, e menos sen darlle ningunha explicación. Dáme dous meses. En dous meses separareime del e volveremos estar xuntos, meu amor. Prométocho —dixo finalmente Helena mentres lle daba un último bico antes de volver a Sant Andreu.

Despois de que Dídac, o home co que levaba oito anos casada, a tomase pola forza, o seu matrimonio rompeu definitivamente. O tráxico suceso fixera que Helena abandonase o domicilio que ambos tiñan en común e tomase a decisión de ir pasar unha tempada á casa de seus pais. Non quixera saber nada nunca máis do que fora o seu home. Agora só sentía por el unha profunda carraxe mesturada cunha repulsión e un odio terribles. Malia todo o dano que lle causara e a abismal depresión na que a fundira, Helena decidira non denunciar a Dídac a cambio de que este lle dese o divorcio de inmediato e que endexamais tentase volver poñerse en contacto nin con ela nin con ningún dos seus achegados. Aínda que

Dídac pedira sen cesar o seu perdón, nada podería borrar xa da mente de Helena o que acontecera aquel fatídico día, polo que, sen máis remedio, o que aínda era o seu home finalizou por sucumbir á súa petición e desaparecer da súa vida para sempre.


—Aínda non creo que vaiamos vivir xuntos, Pe. Sinto coma se estivese a vivir un soño —seguíu a contarlle Helena á súa amiga.

—Merecédesvos ser felices, Helen. Pensa que ese monstro de Dídac nunca che volverá pór unha man enriba. Agora que xa tes o divorcio, ti e mais Jean-Paul tedes que gozar do voso novo apartamento. Ten un salón enorme no que poderás colgar todos os teus cadros, coma sempre quixeches, e na azotea atoparás a inspiración que precisas para volver pintar de novo, xa verás —respondeulle Penélope con tenrura.

—Tes razón. Abofé que os tres seremos moi felices aquí como o sodes vós e os rapaces —dixo Helena cun enorme sorriso na face—. Cantos anos levades casados ti e mais Arturo? —prosegiu Helena.

—Levamos case trinta anos xa. Quen me ía dicir a min que o meu primeiro mozo sería o pai dos meus fillos... Por certo, xa sabedes o sexo do bebé? Será un pequeno Jean-Paul ou unha mini Heleniña? —preguntoulle a súa amiga.

—Si, onte fomos xunto á xinecóloga e díxonos que será unha preciosa nena. Chamárase Madeleine, como a protagonista de *Masculin Féminin*, e estou segura de que coa súa chegada traerá aínda máis ledicia a esta casa.



O DOMINIO DA AUGA

Xosé Sobral Amoedo

Segundo accésit

Camiños novos. Ou de como se arrostra a vereas que conduce ao progreso

Poida que a envexa e outras pulsións insás que suscita a nosa actual prosperidade impidan que o pobo recoñeza, como cumpriría, as nosas achegas ao ben común, pero o certo é que, queira aceptalo ou non, fomos nós –a nosa familia, o noso clan– os que lles amosamos o camiño cara ao que se revelaría como o vigoroso motor do progreso: o dominio da auga.

Algúns parecen non lembralo xa, pero Península Chá era non hai tanto tempo un lugar no que todo semellaba estancado, como se este territorio vivise á marxe da historia e a pequena lingua de terra que a une ao continente, no canto de ser unha liña de conexión, constituíuse unha barreira pola que apenas chegaban, moi de cando en cando, minúsculas faragullas de progreso.

Este carácter impenetrable manifestábase na mesma fisiografía do territorio. Agás o istmo, sucado por penedos rochosos, estas eran terras baixas e enchoupadas, salpicadas de ducias de pozas e lagoas entre as que zigzagueaban lentos e parsimoniosos regatos que debuxaban mil meandros no seu lento fluír cara ás praias; un territorio tan abafado pola auga que só as especies adaptadas a unha

contorna lamacenta (xuncos, mangleirais, cipreses dos pantanos...) conseguían formar tupidas masas vexetais. Pero non era só o omnipresente líquido elemental o que se estancaba nestas terras.

Polo que puidemos saber grazas ás crónicas do meu avó, se algo caracterizaba a vida dos nativos da península era a monotonía, a desgana e a indolencia. Tamén eles semellaban empozados, en resumo, e constituían unha colectividade atrasada na que estaba ausente calquera caste de ímpeto vital. O pasar dos días lembraba o devir dunha anguía que morde a súa propia cola; cada xornada non era máis ca unha idéntica repetición da anterior. O desexo de progresar, de mirar o futuro con ansia e devezos, nunca chegaba até estas terras, este insignificante apéndice cuxa amputación, no caso de consumarse, non sería por ninguén lamentada. Por moito que agora ningún oriúndo pareza lembralo, como se a súa xeografía tivese unha dimensión profética, a península estaba situada no alén do mundo, fóra de xogo e enchoupada en mar, regos e lama. Mais nós soubemos mudar as tornas.

Os vellos tempos. Ou de como a chegada do futuro pode verse refreada polas tupidas redes do inmobilismo atávico

As crónicas do avó non poden ser máis reveladoras sobre como era a vida dos oriúndos nos tempos da súa chegada a estas terras. Erguerse da cama só cando as raiolas de sol comezaban a ser abondo intensas como para furar as cortinas e, sen demasiado azougue, dar unha camiñada até o peirao para saír a vogar nas barquiñas e, se cadra, apañar unhas presas de camaróns. A continuación, cousa de dúas horas despois, volver a terra; os folgos non adoitaban darlles para moito máis ou, ao sumo, para pasar polos

apiarios e, cun ánimo que se me antolla máis ben infantil, enredar un anaco coas colmeas. Pola tarde, despois da sesta –sempre despois da sesta, iso que non lles faltase nunca!–, un paseo por unha corredeira calquera, laretar cos veciños ou simplemente observar ensimesmados e pasivos a liña de mar no horizonte. Todo nestas terras transmitía a mesma carencia de ímpeto; ollar con indiferenza os cativos ociosos que bulían ao seu redor, deitarse á sombra como fan os cans vellos coas orellas comestas polas moscas e sen folgos para escorrentalas. A area dos reloxos de Península Chá semellaba estar atestada e non caía, non fluía, como se mesmo a gravidade perdese nestas terras o seu vigor. Pero entón, providenciais, chegamos nós. Ou para ser máis exacto: fixérono os meus devanceiros. E con eles, o gran paso adiante.

Disonancia cognitiva. Ou de como a mente nos tende trampas para non aceptarmos o que non nos presta

Por que á poboación lle custa tanto recoñecer as achegas da nosa familia? Por que non agradecen as nosas contribucións ao progreso? Nos nosos xantares familiares adóitanse barallar moi diferentes opcións, pero a hipótese que a min máis me convence é a que se fundamenta no fenómeno psicolóxico coñecido como *disonancia cognitiva*. Todos precisamos manter unha opinión positiva de nós mesmos, e de aí que nos custe asumirnos como uns seres dependentes que só souberon saír adiante grazas ás contribucións que realizaron outros, segundas e terceiras persoas que tiveron o enxeño e a audacia necesarias para atopar as respostas que nós non dabamos enxergado. Velaquí unha visión que explica o fenómeno –a actual confusión da turba, a súa vehemente negación dos nosos méritos–,

e que ao mesmo tempo me reconcilia cunha comunidade que, ao meu xeito, tamén sinto miña.

Ao contrario que a boa parte dos meus parentes, eu non acho satisfacción ningunha en apelar a explicacións que o aducen todo a sentimentos mesquiños. Non pode ser algo tan simple; non pode ser só cousa da envexa que suscita a nosa notoria prosperidade actual e os múltiples bens que ostentamos. Esa é a razón pola que me engaiolou o concepto de disonancia cognitiva, un mecanismo reflexo de autoprotección psicolóxica que se desata de xeito inconsciente e que, unha vez desencadeado, resulta moi difícil de conter.

Esta explicación, ademais de menos hostil para aqueles cuxo comportamento se somete a xuízo, paréceme máis próxima á verdade. Mágoa que nunca chegase a ouvila o meu avó. Porque con el comezou todo e, por desgraza, foise deste mundo sen achar explicación á total falta de recoñecemento á súa figura. Un final moi triste para un grandioso periplo vital.

O pioneiro. Ou de como unha mente preclara e privilexiada pode ser como un misto aceso na escuridade

Foi meu avó quen, meses despois de chegar dende o continente, deu inicio aos traballos que conduciron a Península Chá cara ao futuro grazas ao progresivo dominio da auga, a omnipresente auga, o indómito elemento que antano sometía estas terras ás súas arbitrariedades e que tantas desfeitas provocou.

As ideas poden parecer en ocasións efémeras faíscas que vagan pola nosa cachola sen maior transcendencia, apenas vagalumes ingrátidos que termina por levar o vento cara a ningures, pero, por sorte, non é así en todas as

ocasións. Cando caen en terreo sólido e fértil, constrúen o que a posteriori remata por ser o eixe de rotación que nos empurra cara a diante. As ideas parecen nada e, non obstante, terminan por selo todo.

Non o cheguei a coñecer moito –faleceu sendo eu un cativo de cinco anos–, pero, polo que puideron saber del, máis que a arte da ideación, o que engaiolaba a meu avó eran as metáforas, as analoxías, achar puntos de conexión entre realidade en aparencia inconexas. Foi grazas a esta afección súa ao establecemento de paralelismos como chegou á brillante conclusión de que a abulia que imbuía Península Chá non era máis que a proxección cara á mente das características da meirande parte deste territorio. Por mor do exceso de auga, os solos eran aquí dunha textura mol e lamaguenta. Iso facía que boa parte das terras non fosen doadas de transitar sen rematar enchoupado, o que, segundo a súa audaz visión, facía que as mentes dos nativos estivesen atestadas, como se tamén a nivel psíquico se vivise coas pernas afundidas até o xeonllo nun bulleiro interminable. Disque só usamos o dez por cento do noso cerebro; no que atinxe aos oriúndos, seica isto se lles notaba moito máis do normal. Para levar Península Chá cara ao futuro cumpría ir á cerna do problema. Unha mente firme precisa solo firme. Esa, e non outra, foi a súa arroubada conclusión.

O pulo dos pioneiros. Ou de como as tornas comezaron a mudar grazas á iniciativa individual dun grande home

«Osíxeno para o noso chan», así foi como o avó quixo denominar o proxecto cuxo obxectivo era desecar lagoas e pozas e darlle ao solo unha consistencia firme, unha textura que fixese máis doado o avance e, por ende, o

progreso. E, aínda que isto se coidou moito de proclamalo en público, tamén agardaba que o resultado redundase nunha maior vitalidade e audacia mental por parte dos habitantes. Poderá esta lectura resultar mística de máis, pero a realidade, lonxe de refutala, rematou por confirmar as súas aleutas suposicións.

Mais, como era de agardar nunha comunidade estancada e tendente aos costumes atávicos, o proxecto de desecado dos milleiros de lagoas que o sino espallara pola península estivo moi lonxe de ser recibida con entusiasmo. O proceso implicaba un labor arduo, duro, atafegante, algo que estaba moi afastado dos costumes autóctonos. Mais, malia o fracaso do chamamento á execución da grande obra, o meu avó enxeñouse para botala a andar. Alugou a maquinaria necesaria e contratou unha cuadrilla de traballadores, a meirande parte dos cales tiveron que vir dende os arrabaldes das capitais do pétreo continente. As operacións de desecado, aínda que máis lentas do desexable por mor de tan escasa participación oriúnda, avanzaron a un ritmo aceptable e, cousas do azar, poucos anos despois un xiro do destino faría que a colectividade ao completo se unise ao proxecto.

Xiros da vida. Ou de como as circunstancias lles sorrín aos audaces e lles viran as costas aos indolentes

A medida que se foron eliminando lagoas e suplantándoas por terra firme, o terreo volveuse apto para a agricultura a unhas escalas que, até daquela, nunca se practicara neste lugar obsesionado coas obsoletas praxes minifundistas. Carentes como estaban os nativos de espírito de progreso e tan teimosamente celosos como se amosaban de conservaren o seu vetusto estilo de vida, ninguén lle disputou ao

meu avó os dereitos de explotación das terras que se ían desecando. Os excedentes das colleitas foron cuantiosos por mor da fertilidade dun solo que nunca fora explotado de xeito intensivo, o que permitiu, primeiro, amortizar o investimento efectuado, e despois, ir forxando unha prosperidade que, pasada unha xeración, xa merecía o cualificativo de fortuna.

No que atinxe aos nativos, nos primeiros anos ningún pareceu amosar demasiado interese por este gran cambio que se producía ante os seus ollos, mais axiña acontecería algo que lles faría comprender o errados que estiveran e de que maneira o seu xeito de vida constituía un perigo para a súa propia subsistencia. Aínda que poida ser un modelo apto para sociedades atrasadas, sustentarse economicamente da pesca artesanal de camaróns e duns apiarios construídos polos seus devanceiros xeracións atrás nunca fora unha formulación con visos de durar para calquera que dispuxese de certa perspectiva. Porén, os coitados peninsulares non o quixeron ver até que foi tarde e a realidade bateu contra as súas pachorrentas facianas na forma de praga de libélulas, fenómeno que, de xeito inexplicable, foi acompañado da case total desaparición desas abellas que con tanto esmero coidaban. Adeus apiarios. Adeus mel. Adeus vendas do seu produto máis prezado. Adeus, en resumo, á forma de sustento ancestral da que tan orgullosos estaban.

Este xiro do destino a un tris estivo de afundir na miseria a aqueles que se dedicaran en exclusiva á elaboración artesá do mel, pero tanto meu avó como meus pais souberon ser xenerosos, perdoar a indolencia na que incorreran até entón, e aceptaron empregar a boa parte dos que de súpeto se converteran en miserentos na grande explotación agraria que se fora constituíndo. Iso si, non todo foron concesións: os empregados, agora traballadores por conta allea, tiveron que adaptarse á vida moderna

e substituír o seu apático xeito de conducirse por outro con máis pulo e tenacidade, un capaz de asumir con optimismo a dura e longa xornada laboral que require o progreso. Porque esta vida é como un supermercado –outra xenial metáfora do meu avó–: hai de todo en abundancia, pero nada se ofrece de balde. Daquela foi cando por fin o comezaron a entender.

**Tornas mudadas. Ou de cando os antano
indolentes comezaron a bulir como requiren
os tempos e se achegaron ao pleno
dominio da auga**

Por mor da dependencia de tantas familias da iniciativa económica da que se facía gala no meu clan, non tivemos problemas para conseguir que se nos permitise ampliar as terras de cultivo con novas operacións de desecación e recheo do terreo empozado. Non foi doado eliminar as teimosas augas, sobre todo cando se abordaron as lagoas de maior profundidade, pois, por máis que se bombease a auga e se reenchesse a concavidade con terra seca traída dende as montañas do istmo, o terreo volvía rematar enchoupado. Como a lama irritaba no máis profundo o meu avó (en canto a vía, visualizaba tamén os espíritos dos oriúndos afundíndose na abulia e os seus cerebros caendo nun uso medio por debaixo do cinco por cento) non escatimou en medios para solucionar o problema. Logo dun inxente investimento de tempo e medios e de varias probas inefectivas, o equipo que contratou para o efecto achou o método idóneo: un sistema de drenaxe subterránea fabricada con formigón que, coa axuda de bombas instaladas en estacións repartidas por todo o territorio, mantiñan a terra seca e enviaban o exceso de auga cara ao mar. Aquel fluxo freático que convertía o

interior de Península Chá nun bulleiro foi, deste xeito, por fin solucionado. Sabiamos como cumpría proceder. A comunidade dera un paso definitivo cara ao dominio da auga.

A calidade sutil. Ou de como unha mente preclara pode sinalar o camiño ao futuro

Visión, esa é a clave da prosperidade económica. Aínda que non resulte doado de crer e acotío se queira aducir a súa orixe a causas ilexítimas e fundamentalmente pexorativas (espolio, explotación, latrocinio...), a fonte última non adoita ser máis ca o resultado da posesión dunha calidade tan etérea e sutil como esa. Que tiña o meu avó? Cal era o seu don? A súa característica fundamental? Pois nada máis que iso: visión. Ou dito doutro xeito: a capacidade de percibir aquilo que outros non daban albiscado.

O progresivo afundimento da produción de mel fixo que moita máis xente na península quedase sen unha fonte fiable de sustento, ou demasiado limitada á pesca artesanal de camaróns, actividade que, por si soa, sen o complemento melífero, non daba para subsistir. Iso fixo que afluíse cara ás nosas explotacións agrarias unha gran cantidade de desocupados á procura dun emprego que paliase a súa situación. Como a necesidade é a nai da velocidade, de súpeto xa non resultaban tan reticentes á hora de desertar daquela pachorra na que até entón viviran instalados. Así as cousas, e posto que a produción agraria era unha actividade que se volvera fundamental para a economía peninsular, non houbo demasiados problemas para obter os permisos necesarios para continuar coa desecación das restantes áreas pantanosas. Coa idea de facer máis áxil o proceso, optouse por construír uns canais firmes e de curso certo cara aos que derivar as augas dos centos de

regatos, impedindo deste xeito que os sinuosos meandros que debuxaban contribuísen ao abrandamento do terreo. Deste xeito, e a un ritmo que sorprendería o mismísimo Darwin e ás súas leis da evolución, Península Chá deixou de ser unha superficie empozada para se converter en terra realmente firme, un terreo no que era posible obter grandes rendementos da agricultura e onde os pés (e por extensión, as mentes) avanzaban cunha velocidade naquelles lares descoñecida. Pero non foi só aí onde se puido percibir a proverbial visión do meu avó: o verdadeiro acerto foi descubrir que unha sociedade tan asediada por un dos catro elementos e tan necesitada de dominalo, precisaba do quinto para obter unha vitoria definitiva. O seu grande aliado. O seu mellor amigo. O seu salvador. Acababa de chegar á península o formigón.

O quinto elemento. Ou de como se constrúe un novo e próspero modelo económico

O trazado dos canais e a construción de sistemas de drenaxe xeraran na nosa comunidade unha gran necesidade de formigón. A súa demanda medrara durante anos, a medida que se xeneralizaban as obras de acondicionamento do lugar, e chegou un intre no que esta era abondo grande como para ponderar alternativas á estratexia consistente en limitarse á súa importación dende o continente. E aí estivo áxil meu pai, herdeiro da velocidade neuronal do meu avó e sen dúbida usuario de cando menos o cincuenta por cento do cerebro (segundo este, máis que herdar tal perspicacia por transmisión xenética, simplemente sucedeu que a súa mente gozara dunha península na que xa abundaba a terra firme pola que avanzar con vigor): en primeiro lugar organizou unha serie de prospeccións xeolóxicas na zona alta da península (esencialmente, o

istmo) e, cando confirmou que había no subsolo tanto as materias primas para a súa produción (cal e arxila) como unha fonte de enerxía para a cocción da masa (as grandes reservas de madeira contidas nos mangleirais costeiros), lanzou o seu seguinte proceso: a creación dunha gran canteira a ceo aberto para a extracción do mineral e a inauguración dunha planta de produción de formigón. Ademais de cubrir a demanda interna, disporíamos dun produto con moito mercado no exterior e que ben se podería exportar a grande escala. O futuro chegara á Península Chá coa intención de ficar.

Xiros do destino. Ou de como os imprevistos poden acadar que o que ao comezo xerou reticencias remate por resultar salvífico

Os avatares que nos seguintes anos modificaron Península Chá até deixala irrecoñecible non foron nada doados de afrontar, e fixeron evidente que nada neste mundo é para sempre, que todo flúe, muda, evoluciona e deixa de ser o que foi para devir en algo novo. A nova sucesión de cambios que se desencadeou foi a que resultou crucial para lle facer ver a todos, dun xeito arestora irrefutable, até que punto resultou providencial a nosa chegada a estas terras e a visión de alturas que lle achegou ao territorio a liñaxe á que teño a honra de pertencer.

O traballo na fábrica ou nas canteiras foi, nos inicios das actividades, tido en moi pouca estima. Nestas terras o clima é cálido de máis, e velaí que, a priori, non resultase demasiado apetecible un traballo de extracción de mineral que se efectuaba en quendas que duraban de sol a sol e cunha calor de xustiza envolvéndote. Menos atractivo aínda resultaba ocuparse nos fornos de cocción do cemento, actividade que, polo mesmo motivo e tamén

pola presenza dos inevitables gases de combustión, era xulgada como pouco menos que un descenso ao mesmísimo inferno. Porén, outra vez o destino se puxo a favor do progreso, deixando moi ás claras até que punto o modo de vida de antano era de todo indigno de confianza e sumamente perigoso para o futuro da colectividade.

Como se a auga se negase a ser desbancada do seu papel hexemónico no devir de Península Chá, desta vez a desfeita chegou proveniente do mar. Unha sucesión de temporais provocaron que as ondas mariñas rachasen a liña costeira e penetrasen na terra varios quilómetros. Ducias de vivendas foron destruídas polas terroríficas ondas, e quedaron danadas en diferente grao a práctica totalidade das existentes nos primeiros quilómetros do litoral. Tamén se rexistraron graves danos en moi diversas infraestruturas, entre elas, os sistemas de drenaxe e os silos de cemento, feito este último que causou que as toneladas de material se esparesesen por todo o territorio. As perdas foron cuantiosas, pero o peor de todo foi que, ademais diso, houbo sete mortes e unha ducia de desaparecidos dos que nada se volveu saber.

Foron aquelas semanas moi duras, o máis aciago que lembran mesmo os máis vellos do lugar e, aínda por riba, cando apenas nos comezabamos a recuperar do impacto producido por este desastre, tivemos que comprobar con arrepío como o mar, no seu retroceso, levara con el enormes cantidades de terra costeira e, por mor deste desdebuxado da liña, se negaba a retroceder por completo e quedaba inhabitable unha área antes moi poboada. A auga, unha vez máis, volvía ser o noso pesadelo, a nosa cruz, a nosa condena eterna.

O quinto elemento. Ou de cando o destino sinala o camiño seguido

A disonancia cognitiva e os seus vehementes efectos comezaron a facer aparición pouco despois do gran desastre. Coa imprevisible catástrofe, o vello modo de vida quedou destruído para sempre. Non foi para ninguén doado de asumir, mais, por sorte, a colectividade alcanzara un nivel de desenvolvemento suficiente como para non ter que resignarse, sen máis, á arbitrariedade das tempestuosas e imprevisibles augas. O mar non nos sometía, como antano, á súa completa vontade; grazas á visión que achegara o meu clan, non eramos follas caídas e manexadas a vontade polas caóticas ondas, polos mil regos de auga nin polas endiañadas e lamacentas lagoas. Aprenderamos a dominar ese rebelde elemento e, despois de todo, que é o océano senón unha lagoa de dimensións colosais? Se puideramos coas primeiras, tamén dominariamos o mar.

As obras de enxeñaría que houbo que emprender neste tempo foron, ao igual que os desastres que se padeceran, dunhas dimensións até entón descoñecidas. A laboriosidade dos oriúndos, moi medrada nos anos anteriores grazas á disciplina e ao espírito de sacrificio que lles inculcaran os capataces contratados no continente, aínda resultaba moi deficitaria. Velaí que, no canto de pórse a traballar dende o primeiro momento, se encerellasen nunha sucesión de revoltas dunha violencia que, no seu intre álxido, chegou a ser abondo inquietante como para que as forzas da orde tivesen que enviar reforzos dende o continente para aplacar unha multitude enfurecida. Porén, ao final entraron en razón e caeron na conta de que, lles gustase ou non, acababan de descubrir unha cara descoñecida dese mar cuxas marabillas tanto exaltaban nos seus cantos populares. E, por pura lóxica (esta é pouco compatible cun ánimo acendido, pero, ao igual que os ríos desbordados volven

ao seu leito, tamén as emocións o fixeron), entenderon que só había un xeito de solucionar o problema: volver construír as infraestruturas destruídas e, a continuación, erguer enormes diques costeiros para, desta maneira, ter baixo control as imprevisibles augas. Só o formigón podía salvarnos dunha nova e definitiva desfeita que en calquera intre podía caer sobre nós.

O futuro xa está aquí. Ou de como se conquista un lugar propio e merecido no escenario do mundo

Como dixen ao comezo, que sigan sen recoñeceren os nosos méritos produce na miña familia moita carraxe e frustración. A min, menos propenso ás reaccións veementes pero moi doído no máis íntimo, indúceme unha perplexidade total, por iso, aínda que non o comparta, si entendo os que aducen á envexa ou outras mesquindades como leitmotiv da belixerancia que padecemos. Doutra maneira faise sumamente difícil comprender como poden amosar tan pouco (por non dicir nulo) agradecemento cara aos que modernizaron estas terras. Sobre todo porque, meses despois desa gran desfeita, a pesca de camaróns sufriu tal declive que o único que salvou os oriúndos dun colapso de dimensións catastróficas foi a posibilidade de empregarse nas nosas industrias. Que preferían a indolente e pachorrenta vida de antes? Ben, poden admitir que sexa así, pero que sería deles sen os nosos enxeños, que permiten manter seca a terra na que cultivan os seus alimentos e impiden que nos engula a todos o mar?

O problema é que, na miña opinión, esa imperiosa necesidade de nós constitúe, ao tempo, a cerna do problema; trátase dunha idea dolorosa de aceptar, e velaí que elucubren día e noite con teorías como que as ondas do


mar arrasaron a península porque nós toramos os mangleirais costeiros para obter madeira coa que enfornar o formigón. Pode ser, vaites, pero como pensaban senón secar este territorio empozado? Sen este material non habería drenaxe efectiva. Pero resulta que se lles aclaras este aspecto, apuntan que foi o desecado o que provocou a praga de libélulas que acabou coas abellas. Isto si me resultou de todo inverosímil, pero eles insisten en que os peixes das pozas alimentábanse de larvas desa criatura e que iso causou a explosión poboacional dunha especie insectívora que, sobre todo, se alimenta de abellas. Vamos, que, por unha canle ou outra, nos culpan de todo a nós, até da desaparición dos camaróns, aos que seica aniquilou o cemento dos silos que se derramou pola costa despois do temporal. Ao final para eles non hai desgraza que non leve a nosa sinatura. Maldita disonancia cognitiva!

Pero en fin, recoñezan os nosos méritos ou non, o certo é que Península Chá se modernizou. Hogano poden vivir como se fai en calquera outra parte do continente: traballan nas canteiras, na explotación agraria, nos fornos de cocción, nas estacións de bombeo ou nos diques de contención costeiros, actividades que liberan estas terras dos múltiples perigos que implica a auga. A cambio reciben a súa paga e, como compensación aos seus esforzos, dispoñen dunha semana de vacacións ao ano para repoñerse do esforzo e gozar da vida. Dá gusto velos eses días, ficando até tarde na cama e non erguéndose até que o sol está abondo alto como para que as súas raiolas furen as cortinas, indo até o peirao para saíren un par de horas coas barquiñas, botando longas sestras, subindo aos diques de contención para observaren eclipsados o horizonte do mar, ou vendo xogar uns cativos ledos e infinitamente agradecidos por dispoñen tamén duns días para descansaren dos seus traballos nas canteiras. E todo ao tranquilizador abeiro dunha imponente muralla de formigón que rodea toda

a península e os mantén a salvo do mar. Canto repouso lles trouxo a estas xentes o progreso. Canta paz agardaba por eles ao outro lado do dominio da auga.



poesía



AS ESPÍÑAS DO OURIZO

Noa Rodríguez Méndez

Primeiro premio

*Watteau pintou todos os amores que non tivo,
fixo estatuas de carne e óso.
Oníricas son todas aquelas paisaxes
que os críticos descoñecen.*

Relato

—Onde

—Alí, onde durmo ao pechar os ollos e te imaxino ao meu lado, sen darnos voltas. Desde este punto no que me organizo para pensar que unha perna vai detrás da outra e as cousas teñen sentido porque acaban antes de perdelo.

—Cando

—Agora, de repente agora aquí, como tantas outras veces pero por primeira vez, é o verán que me invade inevitable. Volveremos algún día e será outono.

—Que

—Non teño moito que dicir, só podería calar o vacío que sentín nese momento, na baixada, en caída libre, o son perdíase detrás de min.

—Como

—Como cando fas agromar flores nas sombras dos nosos bicos. E parece que o vento é unha insinuación rancorosa da luz.

—Por que

—Non hai causa, só o efecto. Non sería xusto contar contigo. Pero é que agora que me atopo rehabilitándome de novo, provooco fisuras nas inseguridades xa tapiadas,

como se esta estrutura armada na que me fun
construíndo se volvese maleable e as vigas cedesen
e o chan estivese máis preto dos últimos pisos.

—Quen

—

De espellos, cristais e fragmentos

Agora tócame reconstruírnos, retomando os fragmentos do que fomos.

E hai un baleiro inmenso cando busco as palabras: agora que non cres en nada sei que tampouco cres en min.

E non sei quen se equivoca
ou se hai un erro,
se é a intersección violenta de dúas perspectivas:
como se atoparte fose botarme fóra e deixarte fóra me devolvese a min.

Esquecéndote,
esquezo contigo,
cando fomos un e o mundo xiraba xusto debaixo dos
nosos pés.
Recordándote,
distorsiono o reflexo da túa mirada atopándome no
espello.
Eu, que sabía como encaixar
todas as pezas que te configuraban e admirarte na
distancia,
observo as novas claves nas que te constrúes
e aínda que as entendo mellor,
xa non encaixas.

Preguntas que tal e xa non che insinúo o precipicio,
non merece a pena,
fálame como pedindo axuda,
pero estou tan lonxe da terra,
tan por riba das nubes,
que sobrevoo esta realidade sen mollarme
e
ti
es auga.

O que me sorprende é que estas novas pezas reflicten
preguntas que aínda non coñezo,
como se desvelasen palabras,
que non foron pronunciadas
e xestos,
que nunca foron convocados.
Atópome a tantos quilómetros do que son que dende
esta sombra,
a luz proxecta novas formas
e alí,
nunha discontinuidade propia de dous litros de cervexa,
atopo calma.

Así que te distorsionas e nin sequera son eu quen te denuncia.

O humor: a brisa lixeira que deixa entrever a primavera, o primeiro sol do ano.

Aquí, si
Aquí,
aquí estou cos pés aquí,
Coas raíces aquí.
Medro cara a abaixo,
dende arriba.
Semento,
Cultivo o xerme do que emerxa un tráxico destino cara a
ningures.
Ti, alí
Ti,
Ti xoga coa vida ti,
Ti vai e dime
a que sabe a dor noutros lugares,
se o chegas a entender:
explicámo.

No espello:
todo para entender que do outro lado,
hai o mesmo que aquí,
con outros ollos.

O tempo é un compromiso relativo ao que me entrego,
ofrézome como a unha fervenza que pase a través de min
ata eu ser só
sedimentos.

Perdendo o voo,
apertando o ritmo contra os dentes,
rebentando, no medio da noite,
cando as lágrimas se funden coas gotas de chuvia que
rebotan nun patio interior,
e dentro de min.
Dentro de min, tamén.

Borro as evidencias que berran que unha vez que nos
pronunciei caducos,
comezaron a caernos as follas.

Se cadra só é o tempo disecándome
ou
esa sensación de que o aire me está quitando o alento.
Detrás destes meses xa non queda nin o tempo
compartido,
e eu xa non te sinto
e ti xa non me entendes
e o silencio só é unha forma de control:
de controlar o que fomos.

Mientras lanzo cápsulas enlatadas de autoconocimiento,
a distancia.

Un regusto a labios hechos do poder dos deuses,
a nivel molecular.

O tempo constrúenos,
conéctanos,
a través dos obxectos.
Son os limiares metálicos
dun camiño imantado xuntos.


Foi unha punzada de dor tremenda,
así chegan as túas novas,
cravándoseme nalgún oco impreciso
entre o meu estómago
e o teu último recordo.

Escorrémonos
nun charco no que nos vemos reflectidos e aseguramos
que non somos nós.
Convencéndonos
de que os silencios foron incómodos e as caricias non
foron máis que caricias.
Desterramos
toda inocencia para asegurar que fomos salvaxes e
puros egoístas.
Esquecerémonos

Deixa, deixa que marche,
que se me perdan as ganas de ti pouco a pouco
como van marchando as noites antes do equinoccio máis
intenso do ano.

Deixa que me perda e me equivoque,
que te bote tanto en falta que só poida escribirche,
déixame, que marche,
que nos perda
para sempre
ata que eu soñe contigo e saiba que aínda, pensas en min.
Porque agora que medrei tanto,
por ti,
agora que cheguei ata aquí,
por ti,
déixame caer,
porque só na caída me atopo pintando escaleiras cara á
terra.

Debuxando os muros que me sostarán cando volvamos
a ese día,
no que te atopo e marchamos
como vellos amantes
que acaban de coñecerse.



DAMA DE AUGA

Francisco Javier Fernández Davila

Primeiro accésit

Parte I. Gaivota

Por entre as ondas,
por debaixo
esguedello o movemento da vida.
Asexo as gaivotas sen poder escoitalas,
mergulladas no aire e no azul de cristal.
Contemplo a súa respiración
apurada e remota,
cortante a gaivota,
coa pupila no mar.
Sinto vibrar a súa pluma temón,
acariñada na brisa que por amor a sustenta,
ecuación imposible,
esplendor de Bernoulli,
mecánica fluída e xelatinosa,
viscosidade dinámica,
densidade sen par.

Gusto do susto que me atormenta
cando a súa retina semella advertirme,
de como as súas ás se dirrecionan
e parecen apuntar no meu corpo o picado.

Noto ese vento de caída na cara,
e o golpe de auga atravesar o meu pico,
inexistente, inmaterial, invertido,
sen óso que poida crebarme, sen nada.
Transmuto a miña alma coa do animal
millóns de veces por segundo,
megahertz de imposible
contra o espello universal.

Esperta miro o paxaro asasino
arrebatar un peixe da vida,
unha medusa acovardada
construída de auga e baleiro.
Estremécese o océano no corpo do peixe
mar de escama polímera,
mar de morte,
mar de centos de vida.
Coas poutas cravadas no peito
en mortal ascensión esmorezo,
xeo que esvara nas galadas
boca buscando bocados de tempo.

E logo ar,
ar e morte e baleiro.


Parte II. Pescadores

Por entre as ondas,
dende abaixo,
vexo o brinco pendurado da morte.
Escoito os motores sen poder atopalos,
agochados da auga nunha armazón de metal.
Roncan durmidos no tempo
ao tempo que espertan para facelo tremer.
Rotan a pés miudiños,
xiratorios,
e escalan as vagas con aletas de bronce,
turbulencia helicoidal,
revolucións sen palabras,
ecuación dominada,
confirmación de Bernoulli,
dinámica viscosa,
mecánica fluída e xelatinosa,
velocidade de xiro
e moito par.

Xa nas chairas do medo,
sementan pánico en cordas,
enredan a vida a dez nós,
fan colleita cos fillos do mar.

Atérrame a visión dos lamentos,
dos chíos xordos e mudos,
do arrecendo a estrago,
do sabor a opulencia mal nutrida,
da cor a comida sen fame.

Atorméntanme os corpos dos peixes,
nun colofón de exterminio gasoso,
choiva de pingas salgadas,
estertores de vida de Poseidón,
escorreito de bágoas sen eco,
na mesa ondulada do mar.



SEIS PASEOS

Nicolás Vázquez Ben

Segundo accésit

Cerimonia do descenso

Á noite, cando amaina, baixo a cadela Mía.
Mía é unha cadela branca.
Entramos no ascensor e premo o botón B.
O botón B é o da rúa,
o 12 é o da casa, os demais botóns
son para os outros.
Saímos á rúa, Mía e mais eu.
O vento fai tolear a cadela,
que bota a correr, axitada.
A intemperie, estrita,
tronza os paraugas dos incautos,
nós mollámonos un anaco.
Chegamos por fin ó céspede,
único lugar onde Mía pode mexar,
e volvemos ás carreiras, sorteando os charcos,
eses espellos de azougue quebradizos.
Pasamos ao portal.
No ascensor, premo o 12, o da casa.
Ficamos en silencio nesa cámara de vacuidade,
nese estraño corredor vertical.

O día despois

Baixamos, e desta vez o paseo é máis longo,
pois mitigou a severidade da intemperie.
Fóra atopamos sinais do temporal da noite:
follas, charcos, camiños de auga;
as pólas e os balcóns
pingando, os xardíns ebrios
de humidade e *tremeluces*.
Non hai ninguén máis, nin homes
nin cans; unha gaivota
perfora as velas do vento, un autobús
avanza en obstinada xeometría.
Mía mergúllase entre as herbas verdes longas,
fai saltar bágoas cristalinas.

Percorrido habitual

Mía e mais eu baixamos
preto da hora de xantar.
Hai uns intres que escampou;
esta nova luz (a de sempre: sempre nova)
é motivo dabondo pra ir devagar,
moi devagar.

Pasamos ó carón dos contedores:
verde amarelo amarelo azul verde escuro,
uns homes descargan un furgón
cheo de caixas de cervexa.
Subimos polas escaleiras do musgo,
Mía detense a cheirar.
Nos seus paseos predomina o sentido do olfacto;
nos meus, o ollar.
Facemos a mesma ruta,
mais, o seu paseo e o meu
son ben distintos.
Eu reparo nas gretas
dos chanzos. Nunca reparara nelas,
coma se de súpeto o chan comezase
a quebrarse ó paso dos meus ollos.

Tiro de Mía e rematamos de subir,
abandonando os dous
as húmidas sombras do ensimesmamento.

Atravesamos un xardín de trevos e herbas espeluxadas
e viramos cara á avenida, a medula fundamental
onde aflúen os descoñecidos transitadores
que son vertidos polas rúas.

Dobramos a esquina.
Mía atópase cun can coñecido
e déixase caer de costas. Sempre fai así,
ofrece o ventre cando hai confianza.
Eu miro o home que vai ligado ó can,
intercambiamos unha mínima expresión de saúde,
mais non se deixa mirar, como se deixan
mirar as flores, as nubes, os vermes.

Subimos unhas escaleiras, viramos
cara ó noso edificio e penetramos
na súa nítida sombra minguante;
vertida sobre a rúa, os seus contornos precisos
sinalan sempre a hora exacta.

Aparición

Cálzome. Poño abrigo e bufanda,
collo a Mía e premo o botón do ascensor.
Agardamos un anaco, ata que chega.
Antes de abrir a porta,
a través do rectángulo de cristal brumoso
advertimos unha figura humana
inmóbil e incongruente.
Abro a porta e atopo
unha vella, moi vella.
Meu pai xa me tiña advertido
sobre esta vella do ascensor. Din
que cando a vella aparece hai que darlle ó 4.
Así que premo o 4.
Ti es de aquí?, pregunta a vella.
Si, digo eu, considerando que non hai tempo
para outra resposta.
Chegamos ó 4. Suxeito a porta
para que pase a vella.
Fai favor, prende a luz, di,
e prendo a luz do 4.
Volvemos ó ascensor e rematamos
o descenso á superficie.

Instante das pólas

A árbore desmente
o sinxelo do aire.

A súa figura
é o corpo aberto do alento,
o respirar feito forma viva,
esculpido coa obstinada lentitude do lecer, arrebatado
ineludible como a súbita
manifestación dun milagre.

Paso a carón da árbore
e sigo o meu camiño.


Monteferro, entre as catro e as sete da tarde

Soa un vento forte que axita as follas,
mais non hai vento ningún,
é a música ilusoria do océano,
quebrando en espuma branca contra as rochas,
presumindo de toda a xoiería.
Sae o sol e os corvos mariños estenden as ás
nun xesto que ten algo de sagrado,
algo de antigo e de simple coma as pedras
(fan da humidade da plumaxe
ronsel de vapor que devén nube).
Atopo un sapo morto no charco dos diamantes.
Baixo onda o faro, vou cara ó sur,
cara ás illas. O horizonte é o lugar onde rematan os
ollos.

Abrir a liña do horizonte.



traducción



TODO NÓS:
OS POEMAS RECOMPILADOS

Manuel Arca Castro

Primeiro premio

Datos da obra:

Autor: Raymond Carver.

Título: *All of Us: The Collected Poems.*

Lingua de publicación: Inglés.

Lugar e ano de publicación: Nova York, 1996.

Editorial: Knopf Doubleday Publishing Group
(Vintage Contemporaries).

Felicidade

Tan cedo que aínda predomina a calixe.
Estou onda a xanela co café
e con aquilo que de mañá cedo
lle pasa a un pola cabeza.
Nisto reparo nun rapaz e no seu amigo
que rúa arriba
van repartindo o xornal.

Levan gorra e suadoiro
e un deles ten unha bandoleira ao ombreiro.
Tan felices os están
que mesmo escusan falar, os rapaces.
Paréceme que, se puidesen,
se collerían da man.
É de mañá cedo
e van os dous xuntos.
Achéganse, devagar.
O ceo recibe a claridade,
mais a lúa aínda pende albela sobre a auga.

Tanta beleza que por un instante,
nin a morte nin a ambición, sequera o amor,
se entremeten.

Felicidade. Chega
por surpresa. E de certo, propágase alén
do que sobre ela reflexionemos de mañá cedo.

Temor

- Temor de ver un coche patrulla diante da casa.
 Temor de prender no sono á noite.
 Temor de non prender no sono.
 Temor de que o pasado rexurda.
 Temor de que o presente bote a voar.
 Temor do teléfono que soa en plena noite.
 Temor das treboadas.
 Temor da señora da limpeza que ten un gran na fazula!
 Temor dos cans que disque non trababan.
 Temor do desacougo!
 Temor de ter que identificar o cadáver dun amigo.
 Temor de quedar sen diñeiro.
 Temor de posuír de máis, aínda que a xente non mo crea.
 Temor dos perfís criminolóxicos.
 Temor de me retardar e temor de chegar de primeiro.
 Temor de ver a escrita dos meus fillos nun sobre.
 Temor a que morran antes ca min e sentir a culpa.
 Temor de ter que vivir con miña nai na súa vellez, e na miña.
 Temor do desconcerto.
 Temor a que este día termine cunha nota triste.
 Temor de acordar e descubrir que non estás.
 Temor de non querer e temor de non querer o suficiente.

Temor a que aquilo que quero deveña mortal para
aqueles que quero.

Temor da morte.

Temor de vivir de máis.

Temor da morte.

Queda dito.

Imbécil

É o que hoxe os rapaces chaman herba. E sae a rumbo, como as nubes, dos seus labios. El espera que ninguén se chante alí esta noite ou chame pedíndolle axuda.

De axuda é do que anda curto esta noite.

Fóra asolaga a treboada. Marusía con refachos de componse oeste. A mesa en que está sentado

é, digamos, de dous cóbados de longo e un de largo.

A escuridade do cuarto está ategada de lucidez.

Poida que escriba unha novela de aventuras. Ou se tal un conto infantil. Unha obra de teatro para dúas mulleres,

das cales unha está cega. Podería aparecer un asasino no río. Unha das cousas que ha aprender

é a preparar de seu a isca. Talvez debería mandarlles máis cartos a cada un dos familiares

que aínda lle viven. Aqueles que aínda devecen por un algo no correo de primeiros de cada mes.

Sempre que lle escriben dinlle

que non lles dá para nada. Conta cabezas cos dedos e decátase de que aínda lle seguen todos vivos. E que ten preferir que a un o recorden nos soños dos descoñecidos?

Alza a vista aos ceos onde a chuvia
azouta. Tras un pouco,
calquera sabe canto, os ollos
pídenlle para fecharen. E féchaos.
Mais a chuvia segue a azoutar. Será unha balloada?
Tería que facer algo? Protexer a casa
dalgunha maneira? O seu tío Bo botou 47 anos de
casado
coa súa tía Ruby. E enforcouse.
Volve abrir os ollos. Nada ten sentido.
Todo ten sentido. Canto máis ha de durar a treboada?

Esta mañá

Esta mañá foi senlleira. Unha pouca neve
sobre a terra. O sol aboiou na claridade
dun ceo azul. O mar era azul, ou azul verde,
segundo o ollo pode apreciar.

Apenas unha ondiña. Calmeiro. Vestínme e fun
dar unha volta... coa certeza de non volver
até me facer co que ofrece a Natureza.

Pasei ao pé de varias árbores vellas e tortas.
Crucei unha veiga chea de pelouros
en que a neve se acumulara. E seguín
até chegar ao cantil.

Alí fitei para o mar e para o ceo e
para as gaivotas que sobreoaban a praia de area branca
ao lonxe. Todo era agradábel. Todo estaba bañado pola
pureza

e polo frío dunha luz. Mais, como decontino, o
pensamento

comezou a deambular. Tiña que me convencer
de ver o que estaba a ver


e máis nada. Tiña que me dicir a min mesmo
que o importante era isto, non o demais. (E si que o vin,
un ou dous minutos!) Un ou dous minutos
en que escorrentei as preocupacións comúns

sobre o ben e o mal... as obrigas,
recordos cálidos, reflexións sobre a morte, como lidar
coa miña ex-muller. Todas as cousas
que oxalá se esvaecean esta mañá.
Aquilo con que convivo día a día. O que
tiven que esmagar para dar sobrevivido.
Porque durante un ou dous minutos esquecín
o meu ser e todo o demais. Esquecín tal.
Ao volver si que non sabía
onde me encontraba. Até que uns paxaros engalaron
desde as árbores sarmentosas. E voaron
na dirección que eu tiña de seguir.

Fragmento serodio

E aínda así, conseguiu aquilo
que desexaba desta vida?
Conseguín.

E que desexaba?
Considerarme querido, sentirme
querido na terra.



O SOL E AS SÚAS FLORES

Moncho Iglesias Míguez

Primeiro accésit

Datos da obra:

Autora: Rupi Kaur.

Título: *The Sun and Her Flowers*.

Lingua de publicación: Inglés.

Lugar e ano de publicación: Londres, 2017.

Editorial: Simon & Schuster.

Onte

a choiva tratou de imitar as miñas mans
percorrendo o teu corpo
esgacei o ceo por permitilo

-celos

preguntas

se podemos seguir sendo amigos
explícoche como a abella
non soña con bicar
a boca dunha flor
e logo conténtase coas follas

-non necesito máis amigos

non era unha mala palabra na casa
non recibíase co látego
borrouse do noso vocabulario
extirpáronnolo dos nosos lombos
até que nos fixemos nenos ben guiadiños
que asentían cun obediente *si* a todo
cando se puña enriba de min
cada parte do meu corpo quería rexeitalo
mais non puiden dicir *non* para salvar a miña vida
cando tratei de berrar
o único que me saíu foi silencio
oín *non* co puño a bater
no ceo da boca
a pedirme que o deixase saír
mais aínda non pendurara o sinal de saída
xamais fixera a escaleira de urxencia
non había trapela pola que o *non* escapase
quero preguntarlles a todos os
pais e preceptores e titores unha cousa
de que valeu a obediencia daquela
cando había mans
que non eran miñas dentro de min

-como podo verbalizar o permiso de adulta se nunca mo ensinaron de nena

aínda me doen partes do corpo
dende a primeira vez que as tocaron

a arte de crecer

sentínme bonita ata os doce anos
cando o meu corpo comezou a madurar como froita
nova
e de súpeto
os homes miraban para as miñas cadeiras neonatas con
beizos baballosos
os rapaces non querían xogar a pillar no recreo
querían tocar todas as miñas partes
novas e descoñecidas
as partes que non sabía como vestir
nin sabía como levar
e trataba de agochar baixo a caixa torácica

tetas

dicían
e eu odiaba a palabra
odiábaa tanto que me daba vergonza pronunciala
como se malia referirse ao meu corpo
non me pertencese a min
e lles pertencese a eles
que a repetían como
a meditar nela

tetas

dixo

déixame verchas

non hai nada que pague a pena ver aquí agás culpa e vergoña

trato de descompoñerme na terra baixo os pés

mais sigo en pé a uns centímetros

dos seus dedos ganchudos

e cando se me bota enriba para darse un banquete coas miñas medias lúas

mórdolle o antebrazo e resolvo que *odio este corpo*

debín facer algo horrendo para merecelo

cando vou á casa dígolle a miña nai

os homes de aí fóra están esfameados

dime

que non debo vestir cos peitos a abanearse

dixo que *aos rapaces éntranlles ganas de comer se ven froita*

di que debería sentar coas pernas cruzadas

como toda muller debería facer

se non os homes enfádanse e pelexan

dixo que podía evitar todos estes problemas

se aprendía a comportarme como unha señorita

mais o problema é

que non ten sentido ningún

non podo envolverme a cabeza co feito

de ter que convencer a media poboación mundial

de que o meu corpo non é a súa cama

estou ocupada aprendendo as consecuencias da

condición de ser muller

cando debería estar a aprender ciencias ou matemáticas

gústanme as piruetas e a ximnasia por iso non podo

imaxinar-me

paseando por aí coas coxas prensadas

como se estivesen a agochar un segredo
como se aceptar as miñas partes do corpo
invítase a pensamentos luxuriosos nas súas cabezas
non me someterei á súa ideoloxía
porque avergoñar as putas é a cultura da violación
louvar a virxindade é a cultura da violación
non son un manequín no escaparate
da túa tenda favorita
non podes pórme elegante ou
botarme unha vez usada
non es un caníbal
os teus actos non son a miña responsabilidade
controlaraste ti

a próxima vez que vaia ao colexio
e os rapaces se metan coas miñas nádegas
tíroos ao chan
písolles os pescozos
e dígolles con ton desafiante
tetas
e a mirada dos seus ollos non ten prezo

Nalgún lugar do camiño
 perdín o amor propio
 e convertinme na miña peor inimiga
 pensaba que xa vira o demo antes
 nos nosos tíos a tocarnos de pequenas
 as multitudes que arrasaban a cidade
 mais xamais vira ninguén a devecer tanto
 pola miña carne coma min
 quiteime a pel para sentirme esperta
 púxena do revés
 boteille un chisco de sal para castigarme
 o desacougo coaguloume os nervios
 o sangue callou
 mesmo tratei de enterrarme viva
 pero a terra recuou
xa a apodrentaches dixo
non me queda nada por facer

-autoodio

primeiro
 fun polas miñas palabras
 as non podo, non serei quen, non son boa dabondo.
 púxenas en fila e mateinas a tiros
 logo fun polos meus pensamentos
 invisíbeis e por todos lados
 non había tempo para apañalos un a un
 tiña que limpalos
 tecín unha saba co meu pelo
 púxena a remollo nunha cunca de auga con limón e
 menta
 metina na boca mentres rubía
 pola trenza até a parte traseira da miña cabeza
 de xeonllos comecei a limpar a miña cachola
 levoume vinte e un días

macei os xeonllos pero
non me importou
non tiña alento
nos pulmóns para asfixiala
fretaría o autoodio dos ósos
até que saíse o amor

-autoestima

quero ser a miña propia lúa de mel

non teñen nin idea do que é
perder o lar co risco de
non topar fogar de novo
ter a vida enteira
repartida entre dúas terras e
volverse a ponte entre dous países

-inmigrante

as túas pernas tórcense como as dun cabalo canso que
corre para pórse a seguro
arrástralas polos cadrís e móveste máis rápido
non tes o privilexio do descanso
nun país que quere expulsarte
tes que continuar
seguir e seguir
e seguir
até que alcances a auga
entregues todo ao teu nome
por un billete no bote
a carón doutros centos coma ti
como sardiñas en lata
dislle á muller á túa beira
*este bote non é forte dabondo para levar
tanta pena a unha costa
e que máis dá di
se afogar é máis doado que quedar*
canta xente tragou esta auga
é un gran cemiterio
corpos soterrados sen país
talvez é o teu país o mar
talvez se afunde o bote
porque é o único lugar que te acollerá

-bote

a miña deusa
non agarda dentro dunha igrexa
nin senta na cima dos chanzos dun templo
a miña deusa
é o alento da refuxiada a correr
está a vivir no ventre dun neno esfameado
é o latexo da protesta
a miña deusa
non descansa entre páxinas
escritas por homes santos
a miña deusa
vive entre as coxas suorentas
dos corpos das mulleres vendidas por cartos
vírona por última vez a lavar os pés do indixente
a miña deusa
non é tan inalcanzable como
lles gustaría que creses
a miña deusa latexa dentro de nós infinitamente

inglés chapurreado

penso como o meu pai
sacou a familia da pobreza
sen saber que era unha vogal
e a miña nai criou catro nenos
sen ser quen de construír
unha oración perfecta en inglés
unha parella desconcertada
que aterrou no novo mundo con esperanzas
que deixou o amargo sabor do rexeitamento nas bocas
sen familia
sen amigos
só home e muller
dous títulos universitarios que non servían para nada
unha lingua materna que agora chapurreaban

unha barriga inchada cun bebé dentro
un pai preocupado polos traballos e o alugueiro
porque fose como fose o bebé ía chegar
e pensaron para si mesmos nunha fracción de segundo
pagou a pena poñer todos os nosos cartos
no soño dun país
que está a devorarnos enteiros

o papá mira nos ollos da súa muller
e ve a soidade a vivir onde estaba o iris
quere darlle un fogar nun país que a mira
coa palabra *visita* envolta na lingua
no día da voda
deixou unha aldea enteira para ser a súa muller
agora deixou un país enteiro para ser unha guerreira
e cando chegou o inverno
non tiñan nada agás a calor dos seus propios corpos
para non deixar pasar o frío

como dúas parénteses dábanse as caras
para manter as partes deles que máis prezaban –os fillos–
preto
converteron unha maleta chea de roupa nunha vida
e en cheques habituais
para asegurarse de que os nenos dos inmigrantes
non os odiasen por seren os nenos dos inmigrantes
traballaron ben duro
pódese ver nas súas mans
os seus ollos suplicánlles sono
pero as nosas bocas suplicábanlles alimento
e é esa a cousa máis artística que nunca antes vira
é poesía para estes oídos
que nunca escoitaran a que soa a paixón
e a miña boca está chea de *gústames* e *ums* cando
miro a súa obra mestra

porque non hai palabras no idioma inglés
que poidan articular tal fermosura
non podo comprimir a súa existencia en vinte e seis letras
e chamala descrición
tenteino unha vez
pero os adxectivos que tiñan que describilos
nin sequera existen
e no seu lugar rematei con páxinas e páxinas
cheas de palabras seguidas de comas e
máis palabras e máis comas
só para me decatar de que hai cousas
no mundo tan infinitas
que xamais poderían usar un punto e final

así que como te atreves a rirte da túa nai
cando abre a boca e
espalla inglés chapurreado
que non te avergonce o feito de ela ter
que esgazarse entre países para chegar aquí
para que ti non teñas que cruzar nin unha costa
o seu acento é forte igual que o mel é espeso
deféndeo coa túa vida
é a única cousa que lle queda do lar
non esmagues esa riqueza
fai ao revés e pendúraa nas paredes dos museos
a carón de dalí e van gogh
a súa vida é marabillosa e tráxica
bícalle a parte máis tenra da súa fazula
xa sabe o que significa
que toda unha nación ría cando fala
ela é máis ca a nosa puntuación e o noso idioma
poderemos facer debuxos e escribir historias
mais ela fixo un mundo enteiro para si mesma

velaí unha obra de arte

cando a primeira muller abriu as pernas
para deixar entrar o primeiro home
que foi o que el viu
cando ela o levou polo corredor
até o cuarto sagrado
que foi o que tanto o conmoveu
que toda confianza esnacou
dende entón
o primeiro home
observou a primeira muller
cada noite e cada día
fixo unha gaiola para metela dentro
para que non seguise a pecar
prendeulles lume aos seus libros
chamouna meiga
e berroulle puta
até que se fixo de noite
cando os ollos cansos o traizoaron
a primeira muller decatouse
mentres quedaba durmido sen querer
o cantaruxar
o tamborilar
un bater entre as pernas dela
un timbre
unha voz
un latexo
a pedirlle que abraise
e a súa man buliu
polo corredor
cara ao cuarto sagrado
topou ela
a deus
a variña máxica
a lingua da serpe
sentada dentro dela a sorrir


-cando a primeira muller fixo maxia cos seus dedos

cal é a lección máis importante que unha muller debería aprender

que dende o primeiro día
ten todo o que precisa dentro dela
é o mundo quen a convenceu de que non

e despois hai días nos que co simple acto de respirar quedas derreado. semella máis doado perder a fe nesta vida. a idea de desaparecer tráeches paz. estiven moito tempo perdida nun lugar sen sol. onde non crecían as flores. pero de cando en vez xurdía algo que me encantaba de dentro da escuridade e devolvíame á vida. presenciar un ceo estrelado. a ledicia de rir con vellos amigos. unha lectora que me dixo que os poemas lle salvaran a vida. así e todo eu seguía a loitar por salvar a miña propia. benqueridiños. vivir é difícil. é difícil

para todos. e é nese momento no que a vida é como arrastrarse por un pequeno orificio. no que debemos resistir ás ganas de sucumbir ante as malas memorias. rexeita prostrarte ante malos meses ou malos días. porque os nosos ollos morren de ganas por festexar neste mundo. quédannos tantos corpos de auga de cor turquesa nos que mergullarnos. temos a familia. a de sangue ou a elixida. a posibilidade de namorar. de xente ou de lugares. montañas grandes como a lúa. vales que acaban en mundos novos. e viaxes por estrada. paréceme totalmente importante aceptar que non somos os donos deste lugar. somos as súas visitas. e como invitados gocemos deste lugar como un xardín. tratémolo cunha man suave. para que os que veñan despois de nós poidan sentilo tamén. topemos o noso propio sol. plantemos as nosas propias flores. o universo pariunos coa luz e as sementes. pode ser que ás veces non a escoitemos pero a música está sempre posta. só temos que subir o volume. porque mentres haxa aire nos pulmóns – debemos seguir bailando.



A IMPERTINENTE SUPERSÓNICA

Nancy Cuquejo Araújo

Segundo accésit

Datos da obra:

Autora: Chantal Cahour.

Título: *L'Enquiquineuse Supersonique.*

Lingua de publicación: Francés.

Lugar e ano de publicación: Francia, 2003.

Editorial: Castor Cadet Flammarion.

Capítulo 1

Mal empezamos...

—Rapaces –berra mamá–, vide saudar a tía Marguerite!

Stéphane e Jeanne míranse levantando o cello.

Por culpa da tía, Jeanne tivo que deixar o seu cuarto e compartir o do seu irmán Stéphane. El ten once anos e tampouco lle fai moita graza hospedar unha «cría» de oito anos.

E pensar que temos que aguantala un mes!

A tía avoa Marguerite viviu moitos anos na outra punta do mundo. Vén vivir a París pero non terá apartamento ata dentro dun mes.

En fin, haberá que ir saudala. Esperemos que sexa simpática.

Jeanne é a primeira que chega. Sente medo ao ver unha vella cun moño apertado que a mira fixamente por enriba dunhas lentes grandes.

—Ola —di Jeanne en voz baixa.

—Dise «Ola, tía avoa Marguerite», miña nena. E fala máis alto, vale? Ademais, case non se te escoita e iso cansa as persoas maiores, vale?

A tía avoa tamén falou en voz baixa pero dá o mesmo, xa empezamos ben!

A Jeanne non lle faltan ganas de ir de inmediato para o seu cuarto. Pero non, é certo, xa non ten cuarto.

Stéphane aprendeu a lección e di alto:

—Ola, tía avoa Marguerite!

El tan só recibe un «Ola, meu neno», acompañado dun biquiño seco na fronte.

Para relaxar o ambiente, mamá proponlle á tía avoa Marguerite ir ver o seu cuarto.

—O seu cuarto... si home si —rosma Jeanne.

—Vaia, a tía avoa Marguerite non é a típica divertida —di en voz baixa Stéphane.

Ambos os dous empezan a estar un pouco preocupados.

A súa preocupación aumenta aínda máis durante o aperitivo, cando o pai lles ofrece unha Coca-Cola.

—René, non debería ofrecerlles iso —solta a tía avoa Marguerite—, as bebidas con gas son malas para a saúde dos nenos, especialmente este líquido americano cheo de colorantes, vale?

—Non, ho, só as toman nas celebracións importantes e queremos festexar dignamente a súa chegada, querida tía.

—Hum, hum –murmura a tía avoa Marguerite.

Jeanne e Stéphane míranse e, temendo que o seu pai se deixe convencer, apuran a beber.

Mentres xantan, a conversa da tía avoa Marguerite parece interesarlle moito a papá. A mamá está un pouco tensa; de vez en cando bótalles, preocupada, unha ollada aos rapaces.

Antes Jeanne quixo intervir na conversación e a tía avoa díxolle:

—Os rapaces educados non se meten na conversa dos adultos, vale, miña Jeanne? Farías mellor quitando os cóbados da mesa e comendo como Deus manda, vale?

Entón Jeanne cala. Stéphane fai o mesmo.

Pero Jeanne dáse conta de que el está atendendo a conversa e de que xunta diminutas boliñas de pan onda o vaso. Xa hai 23 e aínda engade 2 máis. Que quere dicir iso?

Despois ela dálle unha patada por debaixo da mesa cada vez que engade unha boliña.

De súpeto Jeanne entende: a tía avoa Marguerite pronuncia polo menos un «vale» en cada unha das frases que di. Iso é o que Stéphane está contando.

Por fin hai algo divertido nesta calamidade de día!

Jeanne ri a cachón pondo o pano de mesa diante da cara.

Despois de cear, a tía avoa Marguerite vai para o «seu» cuarto.

Jeanne lava os dentes no cuarto de baño. De socato, imaxina a tía avoa Marguerite dicíndolle que non se deixa o guante de baño na bañeira, nin a toalla no meso, que hai que lavar os dentes durante tres minutos e que polo menos podería pechar o tubo da pasta de dentes!

Entón dálle un ataque de rabia, abre o armario e tira todas as toallas polo chan.

Logo písaa e berra en voz baixa:

—Tía avoa Marguerite! Isto é para ti! Toma isto! E isto! E isto!

Cando por fin para, sen alento, está encarnada e desenfreada. Pero que ben se sente!

Mentres garda toda a desorde, escoita os pais falando na cociña:

—Aínda é peor que cando era nena! –di mamá–. Pregúntome por que aceptei que viñese.

—Veña, Michèle, non esaxeres, con todo é unha muller extraordinaria. Canta conversa e canta intelixencia ten! Ademais, só vai estar connosco un mes!

—Un longo mes, quererás dicir –suspira mamá.

Capítulo 2

Que catástrofe!

Á mañá seguinte, Stéphane apértalle o nariz á súa irmá Jeanne para que esperte:

—Levántate, *Scoubidou*, a tía avoa Marguerite estate agardando na cociña para darche unha lección de boa educación.

Jeanne vai á cociña arrastrando os pés. Pero o que escoita cando vai chegando déixalle a pel de galiña:

—Querida Michèle, educar un neno non é un problema, vale? Fan as maiores falcatuadas, pensamos o peor, pero aínda así, ao final todo remata por arranxarse. Porén, as nenas son outra cousa, hainas que vixiar desde a infancia, se queremos que sexan unhas mulleres dignas de levar ese nome, vale? Nesta casa hai moito meco; xa son horas de que tome cartas no asunto, vale?

Non lle queda ningunha dúbida; a Jeanne dálle no corpo quen é a nena mecosa e sabe como fará conta «tomar cartas no asunto» a tía avoa Marguerite. Por un

intre pensa facer a maleta. Pero a onde vai ir? Ademais, así pola maña en xaxún custa moito.

Nese momento xa lle dá igual todo, empurra a porta, e cunha voz o máis parecida á dun bebé di:

—Bos días, tía avoa Marguerite, durmiches ben?

—Grazas... Pero poderías darlle os bos días á túa nai, vale?

Nada, non hai que lle facer. Jeanne xamais dará feito nada ao gusto da tía avoa. Almorza, vai ao baño enseguida e marcha da casa correndo.

Pola noite, cando Jeanne volve á casa, mamá está facendo a maleta e papá enche de documentos o seu maletín grande.

—Que pasa —pregunta Jeanne—, imos de viaxe? Aínda non estamos de vacacións.

—Non se trata de vacacións, miña nena! Papá recibiu unha chamada urxente do traballo e necesítame. Nun cuarto de hora marchamos para Estrasburgo. A tía avoa Marguerite queda ao voso cargo. Volveremos en oito días.

Ai, non, non pode ser... Oito días sós con ese dragón? Jeanne non vai dar sobrevivido.

Mamá ve a súa filla nerviosa e engade:

—Miña nena, tes que ser valente, unha semana non é nada. Chamareivos todos os días. E se Stéphane e ti vos portades ben, traerémosvos un agasallo.

Un agasallo!

Como se atreve a falarlle dun agasallo cando o que necesita é a súa presenza.

É que a mamá nunca entende nada!

Capítulo 3

A traballar!

Despois de que os pais marchasen, Jeanne instálase no comedor para facer os deberes.

Ai, mércores, é certo, ten que repasar a táboa do 8, que non dá aprendido! Tamén ten que atopar dous sinónimos de «detestar» e saber a lección dos ríos.

Comecemos polos ríos. Jeanne colorea, durante un bo anaco, o río Sena e o Loira. Cando empeza co Garona, a tía avoa Marguerite entra no salón.

—Ben. Tócanos ás dúas, miña Jeanne. Por fin me vou poñer contigo tranquilamente, vale?

Jeanne pensaba que a tía avoa Marguerite non se interesaría polos deberes. Pois, desta fallou!

—Que é iso que estás a colorear? Só fíxeches iso neste tempo? Onde comeza o Sena? Canto mide? Iso é o que hai que aprender, vale? Despois xa terás tempo para colorear. Que tes que facer ademais diso? Atopar dous sinónimos de «detestar»? En fin, creo que iso sábelo, vale?

—Coñezo «odiar».

—Existen outros, por exemplo «a...», «ab...»

—«Abater»!

—Non, burriña: «aborrecer».

Para que o aprendas, valo copiar tres veces coa súa definición, vale? Volverei en cinco minutos e aproveitarei para preguntarche a táboa do 6, do 7 e a do 8, vale?

—Pero só temos que repasar a táboa do 8.

—Se xa aprendiches a do 8, tamén tes que saber a do 6 e a do 7, vale?

Despois de media hora, xa case sabe os ríos. Jeanne recita suspirando a táboa do 8, en orde e salteada.

—Veña, por hoxe xa chegou de multiplicacións. Penso que non tes moitos deberes. Toma, vas facer estas dúas divisións, vale?

—Estou en 3.º de primaria, aínda non aprendín a dividir. Estamos cos exercicios de multiplicacións.

—Exercicios de multiplicacións! Non fan máis que facer exercicios de multiplicacións! É absurdo, vale? Pois, terei que aprenderche eu a dividir!

Por hoxe, como non teño moito tempo, faremos un ditado.

—Pero... pero... xa fixen un esta maña na clase! Hoxe, precisamente, era o día do ditado.

—O día do ditado? Non me digas que só vos fan un ditado á semana!

—Pois... si.

—Iso é inaudito! E aínda nos sorprendemos de que agora os nenos xa non saiban escribir.

Vale, terás que poñerte ao día! A partir de hoxe, cada noite ditareiche unha decena de liñas, vale? A traballar!

Ao rematar o ditado, Jeanne decide descansar. Déitase no sofá e acende a televisión. Están botando uns debuxos animados que lle encantan.

—Nada diso Jeanne, acabouse a televisión mentres eu estea aquí, vale? No caso de que boten algún documental educativo, xa o veremos. Mellor que collas un dicionario ou un atlas, que che servirán igual para divertirte.

Un dicionario, aí, non, é mellor morrer!

Coa sorte que teño, aínda me manda recitar o alfabeto!

Jeanne refúxiase no baño cun *Astérix* xa vello pero supermolón. Antes de saír, escóndeo con coidado detrás do moble dos produtos da limpeza.

Capítulo 4

A TAM cabréase.

Esta noite os nenos están no cuarto malhumorados.

—Entón a TAM segue sendo tan divertida coma sempre? —rosma Stéphane.

TAM, que é iso? —queda pensando Jeanne—. Sabes ben que eu non sei nada de coches.

—Ha, ha... non é un coche, paspana! T: Tía, A: Avoa, M: Marguerite... TAM, a impertinente supersónica!

—TAM, claro, xenial! Non sei se o notaches, pero no que ten que ver con aguantar impertinencias, eu xa estou ben servida. A ti déixate tranquilo.

—Abofé que si! Ignórame por completo, son invisible! Creo que preferiría mellor as leccións de moral.

—Si, ho, deixábache de boa gana o meu sitio, irmán.

Os dous días seguintes (entre eles un mércores inacabable) son un martirio para Jeanne, a quen se lle está acabando a paciencia. TAM sempre ten un ollo posto nela.

O programa é denso porque a tía avoa di que unha rapaza educada ten que ser unha boa ama de casa, intelixente, culta e ter bos modais.

Entón Jeanne encárgase de todo: fai a cama todas as mañás, toca o piano polo menos unha hora cada noite e le uns libros educativos específicos que lle comprou a TAM (*O día a día das formigas*, de 350 páxinas, con esquemas).

Jeanne xa non aguanta máis a rabia e sente que vai estoupar.

Un deses días atopa o regalo que lle deu a súa amiga Sophie polo seu aniversario: un caderno gordo, cunha cuberta de coiro vermella, e coas páxinas brancas bordadas cun fío dourado.

Jeanne aproveita que a TAM foi comprar para coller a pluma e o caderno vermello.

Escribe a data no alto á dereita e redacta:

*Tía avoa Marguerite,
es moi esixente.
TAM detéstote, aborrézote, ódiote.
Ódiote. Ódiote.
ÓDIOTE.*

Ver o que acaba de escribir nesa páxina branca, con esas palabras horrorosas, faille tanto ben! Engade algúns signos de exclamación e pecha o caderno aliviada.

Logo ten que atopar un lugar onde agochar o caderno para evitar que a TAM dea con el! Despois de moito dubidar, Jeanne decide gardalo no caixón do escritorio de papá que cerra con chave.

Só terá que traer con ela a chave.

Pola noite, antes de deitarse, Jeanne colle o caderno, volve ler con deleite esa primeira páxina e ocúltao debaixo da almofada.

A mañá seguinte é unha catástrofe!

TAM entra no cuarto e berra:

—Rápido, levantádevos, son as oito! O meu reloxo non tocou! Apurade, veña, que ides chegar tarde! Ademais, puidestes...

Jeanne e Stéphane non lle dan tempo a que lles reproche nada, levántanse da cama coma tolos e saen da casa correndo.

Jeanne corre sen parar ata o colexio e chega xusto cando acaba de soar o timbre.

Séntese orgullosa da trasnada que fixo.

Pero cando abre o caderno de clase recorda: Que medo, o caderno vermello quedou debaixo da almofada! A TAM vaine atopar e porase furiosa! Logo ao mellor berraralle, castigaraa, encerraraa na adega, igual ca no conto da *Cincenta*.

Capítulo 5

Sorpresa.

Jeanne pasa o día deprimíndose.

Ás catro e media, é a última en saír da clase. Pola rúa, camiña o máis amodo posible, detense en todo os escaparates, observa durante un anaco os paxaros, os coches, os peóns...

Pero remata chegando á casa.

Abre a porta.

Ao mellor a TAM saíu.

Sempre sería un tempo que iría gañando.

Pero non, aí está sentada na cociña. Jeanne só lle ve as costas e enriba da mesa... o caderno vermello. Axuda!

TAM revólvese:

—Jeanne, miña nena, estaba agardando por ti. Atopei o teu caderno. E estiven reflexionando moito, vale? Ven, senta, teño que falar contigo.

A señora suspira e di cunha voz tranquila:

—Sabes que a miña nai morreu cando tiña seis anos? O meu pai volveu casar. A miña madrasta non me quería, maltratábame e batía en min. Eu era moi infeliz, vale?

Entón fixen coma ti e comecei a escribir un diario.

—Lémbrome moi ben do que puxera na primeira páxina, escoita atentamente:

«Nai, detésto, aborrézoa, ódioa.» Son as mesmas palabras ca as túas!

—Esta mañá cando lin o teu caderno, sentoume coma unha labazada! Pero eu son diferente, porque te quero, vale?

—Polo tanto, decidín que non me entremeterei máis no que non me incumbe.

—Prométoche que non me meterei máis na túa educación, vale?

—Iso correspóndelles aos teus pais.

Jeanne ten os ollos cheos de bágoas.

Sente vergoña do que escribiu. Dálle un abrazo á TAM e murmura:

—Tía avoa Marguerite, non é certo que te detesto.

—Xa o sei, meu ben, non falemos máis diso. Mira, chámame Marguerite, será máis fácil, vale? E se me meto na túa educación, só terás que dicirme: «TAM, ollo!» Será o noso contrasinal.

Para festexar este tratado de paz, a tía avoa Marguerite invita os nenos ao restaurante.

Jeanne divírtese vendo o abraiado que está Stéphane ao non entender nada dos cambios que houbo.

Na metade da comida aínda queda máis apampado: Jeanne acaba de coller unha pataca frita coa man e métea na boca. A tía avoa Marguerite bótalle a reprimenda:

—Miña Jeanne, por favor, colle o garfo, vale?


—TAM, ollo! –protesta Jeanne cun gran sorriso.

«Está completamente tola –pensa Stéphane–, a que se vai armar!»

Pero non se arma nada, a tía avoa Marguerite devólvelle o sorriso a Jeanne e chíscalle o ollo.

Despois mira a Stéphane e tamén lle sorri.

Hoxe que xa non quere educar a ninguén, está descubriendo que os nenos tamén poden ser interesantes!



UN PROBLEMA DE AUTORIDADE

Mateo Ramos Merino

Mención

Datos da obra:

Autora: Lucy Felthouse.

Título: *A Problem with Authority.*

Lingua de publicación: Inglés.

Lugar e ano de publicación: Os Ánxeles, 2015.

Editorial: CreateSpace Independent Publishing Platform.

O soldado Jesse Bagnall puxo cara de poucos amigos e rosmou para si todo o camiño ata chegar ao comedor. A cabo Roxanne Grey acababa de berrarlle de novo e comezaba a estar ata os collóns. Sabía que non era perfecto nos exercicios de adestramento pero tampouco o eran os outros. Semellaba que o estaba a sinalar, dirixindo todo o seu abuso na súa dirección. Que che berrasen no exército era de agardar –case formaba parte da descrición do choio– pero a actitude da cabo Grey raiaba na discriminación e xa non sabía que facerlle, especialmente sen parecer un completo maricallo.

Nunha mesa, ao fondo do comedor, ollou algúns dos seus mellores amigos. Chamou a atención dun deles –Matt Kay–, levantou a man para saudalo e logo púxose na fileira para comer.

Uns minutos máis tarde pousou a súa cunca de té na bandexa xunto con todo o demais e dirixiuse cara a onde se atopaban Matt e os outros. Oxalá eles sexan quen de quitarlle da testa a Raíña Puta, sempre están aí para botar unhas boas gargalladas.

—Todo ben, rapaces? —dixo mentres escorregaba a súa bandexa por riba da mesa e sentaba.

Houbo murmurios de asentimento.

—Si —respondeu Ed Patterson—, e ti?

—Si, supoño.

Ed arqueou unha cella e os outros rapaces dirixiron a súa atención cara a Jesse.

—E logo? —dixo Ed—, iso non soou moi convincente. Cal é o problema?

Jesse suspirou e pasou unha man polo cabelo.

—É pola adestradora.

Os seus amigos intercambiaron miradas confusas.

—Importaríache ser máis preciso? —dixo Matt.

Non querendo parecer un mexericas diante dos rapaces, Jesse cambiou o ton. A ira apoderouse del e soltou:

—É unha filla de puta, iso é o que é!

As caras confusas convertéronse en abraiadas.

—Xa estou farto de que me trate coma un caracona. Sei que o seu traballo é berrarnos pero lévao demasiado lonxe. Fágoo o mellor que podo, hostia. Deixo o cu e aínda así non é dabondo para ela.

Decatouse de que as miradas dos seus compañeiros se movían levemente pero continuou de todos os xeitos.

—Está claro que se mete comigo de máis. É coma se eu estivese sentado lacazaneando mentres os demais están a se matar para facelo ben. É unha filla de puta integral. Vaia fodida zorra, a Grey!

Matt clarexou a gorxa pero o seu xesto foi baldío.

—Sabedes cal é o seu problema? —continuou Jesse—. Precisa que lle dean unha boa fodida. Se cadra iso animaba esa miserábel lurpia. Pero só Deus sabe que home podería ser valoroso dabondo para ir a xunto dela. De seguro que che mordería a pirola nada máis cha comezase a lamber.

Cando a brétema vermella da súa ira empezaba a desaparecer, Jesse decatouse finalmente das reaccións dos seus compañeiros de mesa. Non eran en absoluto as que el esperaba. Ed e Matt semellaban estar aflixidos e coa

mirada fixa por riba do seu ombro esquerdo. O soldado Graham Pilgrim baixara a cabeza e estaba a golpear a mesa.

Un arrepío descendía polas súas costas mentres se xiraba para comprobar cal dos seus superiores oíra a súa baballoeira.

Merda. Era o branco da súa diatriba.

A cabo Roxanne Grey estaba de pé, cos brazos cruzados e batendo no chan ritmicamente co seu zapato de tacón. Polo menos a súa expresión facial non a amosaba tan impresionada como podería estar.

—Bagnall. Sala de garda, axiña —dixo pousadamente.

O corazón de Jesse afundiuse ata as súas pesadas botas e tivo que resistir a tentación de baixar a mirada cara ao chan. Os seus compañeiros nunca lle deixarían superar esa vergoña. Tiña que obedecer todo o que a muller lle mandase, agás que quixese ser culpábel de insubordinación, pero ía facelo do xeito máis viril posíbel.

Xirándose de novo cara á mesa, ollou rapidamente cada un dos rapaces esperando amosar unha actitude alporizada, non unha merda de cara de medo, que era o que en realidade tiña. Ergueuse, deixou a súa bandexa onde estaba e seguiu a cabo Grey fóra do comedor, cruzaron o patio e dirixíronse ao edificio desaliñado onde se situaba a sala de garda. Miña nai, o goberno debería pór diñeiro para arranxar este sitio. Dende logo non amosa o aire de profesionalidade esperado.

A cabo Grey abriu a porta, botouse a un lado e fíxoo pasar dentro. Deseguido entrou tras del, pechou a porta e botou o fecho. A sala estaba baleira. Sentou logo nunha cadeira e fíxolle sinais para que el tamén tomase asento.

—Coido que sabes por que estás aquí, non?

—Si, señora. Por mor dos meus imperdoábeis actos e palabras no comedor.

Agora estaban os dous sós. Podía rebaixarse tanto como fose preciso sen medo a perder a súa reputación.

—Mmm. Si. Pero, de feito, estou máis interesada na motivación que se agocha detrás das túas palabras.

—Qu-que quere dicir?

—Mencionaches que sentes que son máis dura contigo ca con ninguén durante os exercicios de adestramento. Coma se estiveses sentado lacazaneando, coido que esas foron as túas palabras.

Jesse loitou contra a cor que comezaba a tinxirlle a face, pero fracasou miserentamente.

—S-sí, señora.

—De verdade te fago sentir así? Ou só estabas a te queixar cos teus amigos? Por favor, respóndeme honestamente.

A ira xa marchara do seu ton e atopábase expectante. En realidade desexaba que Jesse fose sincero. El abriu e pechou a boca un par de veces, coma se fose un peixe, antes de clarexar a gorxa e tratar de atopar unha resposta. Non lle valeu de nada. Agora que ela deixara de berrarlle e estaba a ser bastante agradábel, Jesse comezaba a decatarse de que aquela muller estaba realmente boa. Incluso coa vestimenta do exército tiña unha clara figura feminina, coma se agochase un corpo delicioso debaixo de todo ese verde oliva.

—D-de acordo. Xa o sabe. Dende que chegou para nos preparar de cara ao desfile fíxome sentir coma un inútil saco de merda. Sei que é importante, abofé que o sei, e quero facelo ben, sinceramente estou facendo todo o que podo. Dou o mellor de min e aínda así parece que non é dabondo para vostede. Algúns dos outros rapaces fano peor ca min e non lle bota por riba unha tonelada de ladrillos. Vale, se cadra media tonelada —Jesse sorriu un chisco agardando a que ela se dese de conta de que estaba bromeando.

Un pequeno sorriso debuxouse nas comisuras dos beizos da cabo.

—Sentiríaste mellor se che dixese por que o fago? Berrarche máis que aos outros, quero dicir.

—Mmm, supoño que depende da súa resposta. En realidade non son tan merdeiro coma algúns dos outros rapaces.

—Seino, pero... —púxose de pé e moveuse ata estar xusto fronte a Jesse. Inclínouse cara a abaixo e pousou as mans nos brazos da cadeira del—. Digamos que estou tratando de non amosar os meus verdadeiros sentimentos. Se a xente se decata do moito que me gustas non creo que a cousa vaia moi ben.

—Gu-gustar? Gústoches? —o seu peito latexaba con forza e o seu cerebro bulía para tratar de seguir o ritmo do que ela estaba a dicir. De veras quería dicir o que el pensaba? Existía algunha posibilidade de confusión? Jesse non o cría—. Refíreste a que che gusto nun sentido sexual? —sabía que a súa pregunta soaba ridícula, pero non era quen de pensar nada mellor nese intre. O seu cerebro estaba fritido de máis.

A cabo Grey riu. Os seus ollos azuis brillaban mentres aparecían engurras nas súas esquinas. Estaba adorábel e sexy á vez, e o membro de Jesse sorprendeuno endurecéndose.

—Si —dixo ela—, refírome a un sentido sexual. Hei de supoñer que agora sabes por que me comportaba así. Podes perdoarme? Non te quixen facer sentir coma un inútil saco de merda. Síntoo.

—De acordo, podo perdoarte, pero só se mo compensas —semellaba que agora o seu falo tomara o control da súa boca, xa que as palabras flotaban no aire sen darse conta do que verdadeiramente quería dicir.

—E logo? —dixo a cabo Grey mentres pousaba as mans nas súas cadeiras e adoptaba unha pose pícara—. Como se supón que vou facer iso?

Jesse botou unha ollada rápida a toda a sala na procura de inspiración. Por sorte topou algo que de seguro serviría para o seu propósito. Púxose de pé, pasou ao carón dela e colleu o pau de ritmo que estaba apoiado nun recuncho. Diseñado para marcar o ritmo nos desfiles, aberto formaba un V e pechado era un sinxelo pau de madeira. Un pau que podería usar coa cabo Grey. De feito, tivo que deixar de pensar nela coma a cabo Grey, sobre todo tendo en conta o que ía acontecer. Era Roxanne.

Virándose cara a ela, esbozou un sorriso ao ver a expresión da súa cara. De certo non o esperaba. Sinalando unha mesa próxima, ordenoulle:

—Sube a saia ata a cintura e dá a volta.

—D-de acordo.

Soaba nerviosa pero non lle deu moita importancia. Francamente, sorprendeuno que aceptase. Estaba empunhando un aparello interesante e Roxanne estaba de acordo en que o usase sobre ela. Quizais lle doería un pouco... pronto o descubrirían.

Seguíndoa ata a mesa, esperou a que ela reunise valor e estivese preparada para levantar a saia. As cellas de Jesse case desapareceron debaixo da súa *perrera* ao ver o sutil tanga negro que estivera agochado debaixo de tan monótona saia. O tanga delimitaba unhas nádegas pálidas, arredondadas e fermosas e de socate non quería máis que apartar a peza de roupa e meter o carallo nas cálidas profundidades de Roxanne. Pero primeiro, tiñan que facer as paces.

—Lista? —preguntoulle Jesse. Quería estar seguro de que ela tamén desexaba o que ía acontecer.

Roxanne asentiu axiña mentres premía as súas mans contra a superficie da mesa.

Jesse tomou posición e probou a abanear un pouco o pau de ritmo para acostumarse ao xeito co que se movía. Nunca antes azoutara unha muller, e moito menos cunha desas cousas. Só Deus sabe por que o suxeriu. Roxanne de seguro estaría pensando que era unha especie de vicioso dexenerado. Non importa, ía ser tan só un chisco de diversión.

Unha diversión que xa facía que latexase o seu carallo preméndolle dentro dos pantalóns de combate. Tomou un folgo profundo e levou o seu brazo adiante e atrás un par de veces, practicando o ángulo axeitado para golpear nas saborosas nádegas de Roxanne. Non quería bater por accidente nas súas coxas ou fallar por completo e pegar na mesa.

Chegando á conclusión de que podía seguir con iso todo o día e non sentirse máis seguro, decidiu que simplemente debía facelo. Volveu inclinar o brazo cara a atrás e, deseguido, moveuno cara a diante ata que o pau de ritmo bateu no seu cu espido. Produciuse un interesante son de labazada seguido dun xemido de Roxanne. Uns milisegundos despois, unha marca vermella decorou a súa pel. Víase un pouco sexy e, xa que non fuxira berrando nin tentara asinalo, Jesse decidiu que podía soportalo.

Aliñándose con coidado unha vez máis, deulle outro golpe nas nádegas. Estas abanáronse tentadoramente co impacto e unha nova marca vermella apareceu ao carón da primeira. O seu vergallo estaba a piques de estoupar. Deus, oxalá queira foder despois daquilo. Talvez non debería presionala demasiado. Non quería ter que marchar e rematar masturbándose na súa liteira.

Dous azoutes máis tarde Jesse decidiu mudar de estratexia. O pau era divertido, e probabelmente doía dabondo, pero era moi custoso de manexar. Quería ser máis rápido e preciso e só había unha maneira: tiña que empregar a man.

Desbotando o pau con máis devezo do que admitía, alargou a man e aloumiñou as meixelas ardentes de Roxanne.

—Queres que continúe agora coa man?

—Si —respondeu Roxanne. Estaba sen alento e parecía coma se estivese a piques de chorar, pero se quixese que parase xa o diría. A cabo Roxanne Grey non era unha persoa doada de convencer; atopábase nesa situación por vontade propia.

Unha vez máis, variou a súa posición e golpeouna na nádega dereita. Logo tocoulle a esquerda. Se a súa pel non estivese tan vermella pola excitación, de seguro que se vería a marca da man. Collendo máis confianza, Jesse losqueouna cun chisco máis de forza, experimentando coa man estirada e logo coa man máis en cunca para ver de que xeito lograba que ela xemese con máis pracer.

Xa non ía resistir máis. Se non facía algo decontado co seu pene íase correr nos calzóns. Colleuna polos ombros para erguela e deulle a volta.

Tiña a faciana vermella e os ollos moi abertos. Pero estaba claro que non estivera a chorar nin parecía anoxada. En realidade víase tan cacheira e excitada coma el. Brillábanlle os ollos e os seus beizos abríanse con desexo. Aproveitando isto, inclinou a súa boca sobre a dela e bicouna con toda a necesidade e excitación que estaba experimentado, agardando que ela non decidise que chegara demasiado lonxe.

Por sorte non foi así. Roxanne devolveulle a aperta envolvendo os seus brazos arredor do seu pescozo e bicándoo de volta cunha ferocidade abraiante. Así pois semellaba que lle gustaba a dor. Era algo que de seguro pagaba a pena saber. As súas linguas rozábanse, explorábanse, facíanse cóxegas e loitaban entre si ata que Jesse xa non puido máis. Afastouse un pouco dela, tomou aire e dixo:

—Roxanne, necesito foder contigo, pero non teño condóns.

Un sorriso luxurioso apoderouse dos seus beizos e dixo:

—Non te preocupes.

Roxanne levantouse, foi cara á zona do gardarroupa, abriu unha das portas e sacou un bolso. Meteu a man dentro del, remexeu un pouco o seu contido e sacou un paquetiño de papel de aluminio.

—Vaia! Estás preparada —dixo Jesse. Non podía ocultar o seu asombro.

—E logo ti non o estarías se foses unha das poucas mulleres dentro da base militar?

—*Touché*. Veña, usámolo?

—Pois claro, hostia. Saca o teu nabo.

Esta muller estaba chea de sorpresas. Seguindo as súas indicacións, desbotou os seus pantalóns de combate e sacou o seu carallo, masturbándoo arriba e abaixo un par de veces mentres ela abría o paquete. Colleu a protección e colocouna con coidado desenvolvéndoa polo eixe do seu pene. Entón empurrou a base do condón para aseguralo.

Achegándose cara á mesa onde Roxanne estaba subida, coa saia aínda levantada, as pernas totalmente abertas e o tecido frontal das súas bragas colocado cara a un lado, Jesse recibiu outra onda masiva de excitación. A súa cona era fermosa. Sen pelo, inchada, rosada e esvaradía. Quería probala, pero iso tería que agardar a outra ocasión, se tiña sorte, claro. Por agora, daríalle a Roxanne a fodida máis memorábel que puidese.

—Lista? —dixo Jesse mentres suxeitaba a súa *picha* cunha man e levaba a outra cara ás costas dela.

—Si, soldado. Estou lista. Faino, bule.

As súas palabras soaron duras, pero a mirada dos seus ollos confirmoulle a Jesse que ela estaba tan quente e que tiña tantas ganas daquilo coma el.

Non quería decepcionala, así que se posicionou entre as súas coxas, apuntou a cabeza do seu carallo á entrada dela e empurrou amodo cara a dentro. Estaba apertada pero incrivelmente mollada, polo que non atopou moita resistencia ao penetrala. Sentíaa coma unha luva quente arredor del e, se non tiña coidado, ía sufrir unha exacuación prematura.

Escorregando unha man entre os seus corpos buscou o seu clítoris. Non foi difícil de atopar tendo en conta o grande que era e o distendido que estaba por mor da excitación. Meu Deus, podía aquela muller estar máis boa? Agarimaba, beliscaba e enrolaba a pel arredor do seu clítoris mentres entraba e saía dela. Estaba decidido a atopar a fórmula para facer que Roxanne chegase ao clímax fóra de si. O seu orgasmo viría logo, nunca antes do dela.

Prendendo os seus beizos unha vez máis, deu todo o que tiña para tratar de compracela. Foi un bico longo, intenso e moi sensual. Variou o ritmo da súa cadeira alternando movementos rápidos e superficiais con lentos e profundos, metendo o seu vergallo ata as profundidades dela. Atoparía a cadencia axeitada para logo espremela ao máximo. Entrementes tivo que aguantar o seu propio orgasmo. Non podía chegar ao clímax ata que ela o fixese. En absoluto.

Decontado atopou a fórmula perfecta. Chuchando o seu beizo inferior, presionou con forza o seu clítoris e fodeuna rápida e con furia. Os xemidos de Roxanne facíanse máis intensos e sonoros, e deseguido máis silenciosos ao recordar o lugar no que se encontraban. Non lles faría ningún ben ser descubertos.

De súpeto, as paredes internas de Roxanne aferrárono tan forte que pensou que lle arrincaríaa o pene. A presión

era intensa e constante. Entón ela apartou a cara, levou o colo da camisa á súa boca e mordeuno mentres caía na éxtase absoluta.

Abraiado, viu a súa face pasar por unha serie de cambios ao tempo que a súa cona o aferraba aínda máis forte, logo o liberaba e, deseguido, unha serie de espasmos comezaban a muxirlle o seu vergallo. Entrando e saíndo dela un par de veces máis, deixouse levar. Uns formigallos saíron dende a base da súa columna vertebral, percorreron o seu pene e saíron disparados pola punta mentres exculaba. Aferrou os dentes para manterse calado, gozando das extraordinarias sensacións do seu propio clímax e do de Roxanne combinados. Non podía aguantar máis, ela facíao sentir incrivelmente ben.

Apertáronse mutuamente namentres saían dos seus respectivos orgasmos. Jesse agardaba con todas as súas forzas que iso non fose cousa dunha soa vez.

—Oes —dixo Jesse de xeito suave cando foi quen de recobrar a voz—, estás ben?

Mirando todo ao seu redor coma se acabase de baixar flotando cara á terra, asentiu e sorriu con dozura.

—Abofé que si. E ti? Agora estamos en paz? Compen-seite dabondo?

—Hostia! Claro que si —dixo Jesse mentres lle daba un bico na fronte—. Isto significa que agora vas ser máis amábel comigo?

—Non, ho. A xente daríase de conta. Prefiro seguir a ser unha lurpia contigo. Dese xeito poderei foderte en privado e ninguén terá sospeita.

—Oh, ben, de ser así... podes ser tan lurpia como queiras.

—Pensei que dirías iso.

Cun sorriso, Jesse manifestou o seu seguinte pensamento:

—Logo, tes outro condón?

ÍNDICE

LIMIAR DO REITOR.....	5
RELATO CURTO	9
K.A.R.M.A.	
[Francisco Javier Fernández Davila]	11
<i>Masculino Feminino</i>	
[Lucía del Río González].....	25
<i>O dominio da auga</i>	
[Xosé Sobral Amoedo]	37
POESÍA.....	55
<i>As espiñas do ourizo</i>	
[Noa Rodríguez Méndez].....	57
<i>Dama de auga</i>	
[Francisco Javier Fernández Davila]	79

<i>Seis paseos</i> [Nicolás Vázquez Ben].....	85
TRADUCIÓN.....	95
<i>Todo nós: os poemas recompilados</i> [Manuel Arca Castro]	97
<i>O sol e as súas flores</i> [Moncho Iglesias Míguez]	109
<i>A impertinente supersónica</i> [Nancy Cuquejo Araújo]	125
<i>Un problema de autoridade</i> [Mateo Ramos Merino].....	143

RELATO CURTO

K.A.R.M.A.

[Francisco Javier Fernández Davila]

Masculino Feminino

[Lucía del Río González]

O dominio da auga

[Xosé Sobral Amoedo]

POESÍA

As espiñas do ourizo

[Noa Rodríguez Méndez]

Dama de auga

[Francisco Javier Fernández Davila]

Seis paseos

[Nicolás Vázquez Ben]

TRADUCIÓN

Todo nós: os poemas recompilados

[Manuel Arca Castro]

O sol e as súas flores

[Moncho Iglesias Míguez]

A impertinente supersónica

[Nancy Cuquejo Araújo]

Un problema de autoridade

[Mateo Ramos Merino]

1354080

